

**ACTA NUMERO DOUS CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 29 DE XANEIRO DE 2000.**

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as once horas e cinco minutos do día vintenove de xaneiro de dous mil réunese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D. Raimundo González Carballo**, **D. Xosé Luis Bará Torres**, **D<sup>a</sup> María Salomé Alvarez Blanco**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D<sup>a</sup> María dos Anxos Riveiro Portela**, **D<sup>a</sup> María Carmen da Silva Méndez**, **D. Xosé Luis Veiga Lage**, **D. Manuel Xesús Fontán Bouzas**, **D. Juan Luis Pedrosa Fernández**, **D<sup>a</sup> María Josefa Manzanares Perala**, **D. José Benito Suárez Costa**, **D. Francisco Arturo Pichel Márquez**, **D. Gerardo Zugasti Enrique**, **D. Enrique de la Peña Vieitez**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. Juan Enrique Magdalena Chan**, **D. Celestino Lores Rosal**, **D. Roberto Jesús Taboada Rivadulla**, **D<sup>a</sup> María Teresa Casal García**, **D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, **D. Guillermo Antonio Meijón Couselo** y **D<sup>a</sup> María Dolores Elvira de Ozamiz Lestón**, non asistindo **D. Manuel Abeledo López**, estando presente a Sra. Viceinterventora, **Dona María Herculina Domínguez Martín**, actuando como Secretario **D. Julio Dapena Outomuro**, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión e, antes de comezar a trata-los asuntos da orde do día, o Pleno da Corporación, a proposta de don Roberto Taboada Rivadulla, acorda por unanimidade expresa-la súa condolencia polo pasamento de don Francisco Calvo Guerra, "Xan das Canicas".

**ORDE DO DÍA**

**1.- ACTA ANTERIOR: APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DO DÍA 27 DE NOVEMBRO E EXTRAORDINARIA DO DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 1999.**

Dáse conta dos borradores das actas das sesións plenarias ordinaria do día 27 de novembro e extraordinaria do día 30 de novembro de 1999, que se aproban por unanimidade e sen modificación ningunha.

**2.- SERVICIOS TELEFÓNICA: PRONUNCIAMENTO DA CORPORACIÓN SOBRE MANTEMENTO DE SERVICIOS E INSTALACIÓNS DA COMPAÑÍA TELEFÓNICA NA CIDADE DE PONTEVEDRA.**

Dáse conta do pronunciamento da Corporación acerca do mantemento de servicios e instalacións da Compañía Telefónica en Pontevedra, do teor literal seguinte:

Dende fai anos a Compañía Telefónica ven realizando unha profunda reconversión laboral que ten como obxectivo a redución de custos só con cargo ás condicións laborais dos traballadores mentres o aumento dos seus beneficios terminan bene-

ficiando a un reducido número de directivos mediante métodos que poderán ser legais pero que eticamente son reprobables de todo punto. O resultado de todo este proceso manifestase no empeoramento do servicio prestado ós cidadáns, empresas e institucións.

Este proceso de reconversión e amortización de postos de traballo fai que moitos centros de produción e comercialización vexan reducida a súa dimensión e mesmo sexan pechados, o que produce un desvío de recursos dunhas provincias cara a outras e un empeoramento das condicións laborais dos traballadores ós que se lles impón a mobilidade funcional e xeográfica, ó mesmo tempo que se amortizan postos de traballo mediante unha reconversión branda que está a reducir de forma importante os cadros de persoal.

Nos últimos 4 anos o número de postos de traballo na provincia de Pontevedra reduciuse a metade, pasando de 1.200 a 600. No Concello de Pontevedra este proceso é aínda máis acentuado pois pasouse dun cadro de persoal de máis de 200 traballadores a unha significativamente inferior ós 100 traballadores e este proceso continúa e tende a agravarse, polo que existe serio perigo de que a presenza da empresa Telefónica en Pontevedra desapareza totalmente no que a postos de traballo se refire e o Concello de Pontevedra quede só como un lugar no que realizar negocio mediante a facturación ós abonados, o que sen dúbida dará lugar a uns bos beneficios para a compañía sen que, a cambio, se xeren postos de traballo nin ingresos para os cidadáns de Pontevedra.

Nos últimos anos Telefónica pechou a atención ó público na oficina comercial situada na rúa Gutiérrez Mellado e agora pretende reducir ou pechar a súa actual sede en Pontevedra desprazando ós traballadores cara outros lugares co que parece que a desaparición da empresa de Pontevedra está próxima.

Polo exposto proponse ó Pleno da Corporación que se pronuncie aprobando a seguinte declaración:

1.- Instar a Telefónica a mante-la súa actual capacidade de produción/actividade en Pontevedra respectando os dereitos dos seus traballadores, así como as actuais instalacións.

2.- Apoia-las lexítimas reivindicacións dos traballadores respecto do mantemento do seu posto de traballo e en contra da súa mobilidade.

Aberto o debate, interven don Xosé Luis Veiga Lage, no nome do grupo municipal do Bloque Nacionalista Gelego, dicindo que Telefónica hai anos que está nun proceso de reconversión e concentración de servicios que basicamente están a significar dúas cuestións, un peor servicio ós cidadáns e un empeoramento nas condicións laborais dos traballadores, que se ven sometidos á mobilización funcional e á mobilización xeográfica e ademais en Telefónica a mobilización xeográfica é todo o estado, e os resultados, que supón que son bos para a compañía, son obter grandes beneficios que logo terminan dando lugar a un reparto por todos coñecido, que poderá ser legal pero en todo caso eticamente é bastante reprobable, como é o caso das

stok opcións; en Pontevedra provincia nos últimos catro anos o persoal de Telefónica pasou de 1.200 a 600 persoas e neste concello este proceso é todavía máis grave, dun cadro de persoal superior ás 200 persoas actualmente está nun de 80 a 90 persoas, pois o que está a face-la compañía en definitiva é, utilizando as novas tecnoloxías, desvia-las actividades cara a outras provincias e a outros centros de traballo e isto está a dar lugar consecuentemente a un desprazamento dos traballadores; en Pontevedra hai anos Telefónica tiña unha oficina de información comercial e de atención ó cliente na rúa Gutierrez Mellado, esa oficina está pechada dende hai varios anos e agora mesmo a compañía está a estudar tamén reduci-lo cadro de persoal que ten na súa sede de Joaquín Costa, pero posiblemente estease no principio do fin desa oficina e o que se estea a pretender realmente é o peche dela, co cal a compañía desaparecería de Pontevedra, co cal seguiría sendo un lugar exclusivamente para facturar, pero sen que a cambio existan nin postos de traballo nin ingresos, por ese motivo é polo que se propón que esta Corporación faga un pronunciamento pedindo que Telefónica manteña os servizos, a súa capacidade de produción e a súa actividade en Pontevedra e tamén que respecte os dereitos dos traballadores a mante-lo seu posto de traballo.

A continuación concédese a palabra ó portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, el cual manifiesta que, como ya acordaron en la junta de portavoces, el grupo municipal socialista ha suscrito todo este pronunciamiento y está de acuerdo sobre todo en lo que se refiere a mantener en el Concello de Pontevedra todas las instalaciones de Telefónica y su capacidad de producción y apoyar, por supuesto, las legítimas reivindicaciones de los trabajadores.

Seguidamente intervén o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, diciendo que, tal como se acordo en la junta de Portavoces, el Partido Popular, en el mismo sentido que el Partido Socialista y el Bloque Nacionalista Galego, va a votar a favor.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aproba-lo pronunciamento nos seus propios termos.

### **3.- ANO INTERNACIONAL DA CULTURA DA PAZ: DECLARACIÓN INSTITUCIONAL ADHERÍNDOSE Ó MANIFESTO 2000 POR UNHA CULTURA DE PAZ E NON VIOLENCIA.**

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda ratifica-la inclusión na orde do día para debate e votación da declaración institucional do Concello de Pontevedra adheríndose ó "Manifesto 2000 por unha cultura de paz e non violencia", do teor literal seguinte:

O 4 de marzo de 1999 a UNESCO deu a coñecer oficialmente unha declaración "Por unha cultura de Paz e Non Violencia" na que di:

"Recoñecendo a miña parte de responsabilidade ante o futuro da humanidade, especialmente dos nenos e nenas de hoxe e mañá, comprométome na miña vida diaria, na miña familia, na

miña comunidade, no meu país e na miña rexión a:

1. Respetar a vida e a dignidade de cada persoa, sen discriminación nin prexuízos.

2. Practicar a non violencia activa, rexeitando a violencia en todas as súas formas: física, sexual, psicolóxica, económica e social, en particular cara aos máis débiles e vulnerables, como os nenos e as nenas e os adolescentes.

3. Compartir o meu tempo e os meus recursos materiais cultivando a xenerosidade para terminarmos coa exclusión, a inxustiza e a opresión política e económica.

4. Defender a liberdade de expresión e a diversidade cultural privilexiando sempre a escoita e o diálogo, sen ceder ao fanatismo, nin á maledicencia e o rexeitamento do próximo.

5. Promover un consumo responsable a unha forma de desenvolvemento que teña en conta a importancia de todas as formas de vida e o equilibrio dos recursos naturais do planeta.

6. Contribuír ao desenvolvemento da miña comunidade propiciando a plena participación das mulleres e o respecto dos principios democráticos, con fin de crearmos xuntos novas formas de solidariedade."

Entre os primeiro signatarios desta Declaración están varios Premios Nobel da Paz: Norman Borlaug, Adolfo Pérez Esquivel, Dalai Lama, Mijail Gorbachov, Mairead Maguire, Rigoberta Menché, Shimon Peres, José Ramos Horta, Joseph Roblat, Desmond Tutu, David Trimble, Elie Wiesel, Carlos Filipo Xemenes Belo.

O ano 2000 foi declarado pola UNESCO "Ano Internacional da Cultura da Paz". Con este motivo, distintas entidades non gubernamentais, entre as que figura o Seminario Galego de Educación para a Paz, están a promover unha campaña de recollida de apoios e sinaturas a favor do Manifesto 2000 por unha cultura de paz e non violencia.

Polo anteriormente exposto, o Pleno da Corporación municipal de Pontevedra, acorda por unanimidade adherirse ao Manifesto 2000 por unha cultura de paz e non violencia, comprometéndose a traballar na defensa dos principios recollidos na Declaración da UNESCO.

#### **4.- SECTOR AGRARIO: PRONUNCIAMENTO DA CORPORACIÓN SOBRE AS REIVINDICACIÓNS DAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS AGRARIAS DO SECTOR AGRARIO GALEGO.**

Examinada a comunicación remitida polas organizacións sindicais agrarias (Unión Sindical Agraria Galega, Sindicato Labrego Galego e Unións Agrarias) e vista a moción presentada polo grupo municipal de P.S. de G-PSOE propoñendo apoiar as reivindicacións das organizacións sindicais sobre o sector agrario galego e, asemade, apoiar a manifestación dos agricultores galegos que terá lugar o día 15 de febreiro en Santiago.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Xosé Luis Veiga Lage, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que, a petición das organizacións agrarias, sométese ó Pleno un pronunciamento pedindo que se apoie unha taboa reivindicativa, así como unha manifestación que se vai celebra-lo 15 de febreiro e por parte do grupo

do BNG o pronunciamento vai ser favorable baseándose nas seguintes cuestións, por un lado gustaríalle destaca-la importancia que o sector agrario ten dentro da economía galega, pois en termos de ocupación representa 153.000 persoas sobre un total de 900.000, é dicir un 17% da poboación ocupada, e en termos de produción representa o 8% da produción galega que, a nivel comparativo e para ve-la súa importancia, pode dicir que no estado é só dun 3,8% e na Unión Europea de un 2,6% e, se se analiza a evolución nos últimos anos do sector agrario, encóntrase con que a finais dos anos 70 existía un proceso de cambio que estaba a abrir a posibilidade de permitir que o sector saíse dunha economía de autoconsumo, como describiu moi ben Xosé Manuel Veiras no Atraso económico, a unha apertura ó mercado que ía facilitar que fora un sector dinámico e un sector integrado na economía, o problema é que no ano 75 a integración na Unión Europea rompe este proceso, pois naquel momento o sector agrario era basicamente o sector gandeiro e sobre todo a gran importancia do sector lácteo que representaba o 35% da produción final agraria e unha sesgada negociación da integración na Unión Europea, que priorizou evidentemente os produtos mediterráneos sobre os desta zona, deu lugar a que este proceso de reconversión se ralentizase e a que as explotacións agrarias fosen incapaces de adquiri-la dimensión que necesitaban para poder competir en Europa e o resultado é ben claro, dende o ano 85 a renda agraria en termos absolutos e en pesetas constantes descende continuamente ano tras ano, non ocorre o mesmo por exemplo coa renda agraria no estado español ou en Europa e a causa é ben evidente, o sector agrario galego está a funcionar na súa produción principal, que é a láctea, cun cartel moi claro, prohibido producir, e por outro lado habería quizá que romper un tópico que é que a agricultura galega recibe moitas menos subvencións que o contexto global da agricultura española, pois mentres a agricultura española recibe un 25% en termos de subvencións a galega só recibe un 10%, o motivo é que os produtos básicos que se producen en Galicia non reciben subvencións da Unión Europea, caso do leite, mentras que parte dos produtos básicos que se producen no Estado si reciben subvencións deste tipo, caso do aceite, o algodón, o viño, etc., por estes motivos cre que é un sector importante na economía galega e polo tanto é fundamental, se se está a falar da economía galega, defender a este sector e neste sentido se pronuncia a favor de defender esta taboa reivindicativa e de apoia-la manifestación o 15 de febreiro.

Seguidamente intervén o portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Roberto Taboada Rivadulla, dicindo que su grupo municipal también ha presentado una moción de apoyo y reivindicación al sector agrario, que se refunde con esa propuesta que han hecho los propios representantes de este sector y que en definitiva es una iniciativa de impulso y apoyo que está realizando el Partido Socialista, no sólo en este concello sino también en todas aquellas instituciones y concellos de Galicia para apoiar estas reivin-

dicaciones del sector agrario, que considera que, en estos momentos, la Xunta de Galicia tiene olvidado; que parte de estos sectores estratégicos están perdiendo peso día a día y que están sometidos a consecuencias de reconversión y de reestructuración incontrolada y desordenada, por lo tanto su iniciativa que, como ha dicho, se refunde en una propuesta conjunta, es la de apoyar estas reivindicaciones del sector agrario gallego y la manifestación de los agricultores que se va a celebrar en Santiago el día 15 de febrero.

A continuación, en representación do grupo municipal do Partido Popular, intervén don Gerardo Zugasti Enrique, para decir que su grupo se muestra totalmente respetuoso con el apoyo de las reivindicaciones del sector agrario gallego, sin embargo considera que este pronunciamiento y estas reivindicaciones son extemporáneas y son de un oportunismo político, legítimo por supuesto, pero que piensa que en este momento preelectoral tienen ese objetivo claro; considera que la grave situación que está atravesando el sector agrario gallego es en una parte importante culpa de una mala negociación de un gobierno anterior del Partido Socialista con el ingreso en las Comunidades Europeas, por lo tanto los ceses y las responsabilidades había que pedírselas, y ya no pueden pedírselas, a los que entonces eran responsables de esta cuestión, por ese motivo no se adhieren y van a votar en contra de este pronunciamiento, resaltando además que el Partido Popular está haciendo todo lo posible por este sector, que se han conseguido 207.000 toneladas de cuota de lecha adicionales, insuficiente por supuesto, pero que es un esfuerzo importante y otro esfuerzo importante de casi 3.000 millones de pesetas de aumento en los capítulos 6 y 7 de la Consellería de Agricultura para ayudas al sector, por estos motivos van a votar en contra en esta moción.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e co voto en contra de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Apoia-las reivindicacións do sector agrario gallego:

- Dignificación da profesión agraria.
- Marco estable de interlocución coa administración para democratiza-lo agro.
- Prezos xustos para garantir rendas dignas e para mante-lo emprego no medio rural.
- Reparto equitativo das axudas públicas e dos dereitos de produción en base a criterios socioeconómicos.
- Dotación orzamentaria suficiente para acometer un Plan Global de Desenvolvemento do medio rural e dos sectores productivos.

- Revogación dos acordos de Madrid. Defensa e promoción dos produtos das nosas explotacións ó fomento de producións inseguras e industrializadas.

- Control e prohibición da venda nos mercados de produtos alimentarios por baixo dos custos de produción.

- Ordenación do territorio o dos usos da terra.

- Indemnización polos danos ocasionados pola fauna salvaxe.

- Cese da represión sobre as mobilizacións labregas. Anulación das multas e a solución dos procesados na tractorada do ano 98.

- Cese do Conselleiro de Agricultura.

SEGUNDO.- Apoia-la manifestación dos agricultores galegos que terá lugar en Santiago o día 15 de febreiro.

#### **5.- EDUCACIÓN: ADHESIÓN Á CARTA DE CIDADES EDUCADORAS E SOLICITUDE DE ADMISIÓN NA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE CIDADES EDUCADORAS.**

Dáse conta do dictame favorable da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar á adhesión á carta de cidades educadoras e solicitude de admisión na Asociación Internacional de Cidades Educadoras.

Aberto o debate, concédese a palabra a dona Salomé Alvarez Blanco, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a cal manifesta que a idea de cidade educadora nace, como aparece na proposta, en Barcelona no ano 90 e se estende despois por todo o mundo, baséase na idea, que comparte tamén este equipo de goberno, da educación nun sentido global, nun sentido integrador e da educación como non restrinxida a un ámbito concreto, que pode se-la escola e non restrinxida a só unha época na vida das persoas; pensa que a cidade é un espacio no que se aprende, se pode aprender da cidade e se pode aprender na cidade, como obxecto e como suxeito de aprendizaxe, pois as cidades educan, o que se trata é de que eduquen ben e de que se potencien valores que cre fundamentais, como son o respecto, a tolerancia, a non discriminación, o pacifismo, o civismo e o respecto pola igualdade; para que a sociedade do próximo século sexa unha sociedade máis libre, máis xusta e máis democrática, pensa que as cidades deben ter un papel importante estendido non só á cidade senón a todo o concello, é unha idea que compartiron tamén os restantes grupos na Comisión na que se debateu este tema e só dicir que como equipo de goberno se comprometen a traballar nese sentido para que Pontevedra e o seu Concello sexan un modelo do que debe ser unha cidade educadora.

Intervén a continuación, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dona María Teresa Casal García, dicindo que efectivamente xa apoiaron na Comisión esta iniciativa e non podían, por suposto, facer outra cousa porque é o que ten máis sentido, efectivamente naceu en Barcelona esta idea cun goberno socialista e hai moitas cidades neste momento gobernadas polos socialistas que están xa cualificadas como cidades educadoras, pero pensa que é impor-

tante sinalar que é o que se está a facer cando se aproba esta adhesión á carta das cidades educadoras e cando se solicita a admisión na Sociedade Internacional de Cidades Educadoras, que é recoñece-lo dereito de tódolos habitantes de Pontevedra a ter unha cidade educadora, recoñece-lo dereito dos nenos e os mozos de Pontevedra a participar na construción dunha cidade que invista realmente na educación no senso máis amplo desta verba e sobre todo o dereito a que este xesto formal de hoxe se plasme en realidades concretas, visibles e perceptibles por tódolos cidadáns e cidadás de Pontevedra.

Seguidamente concédese a palabra a don Celestino Lores Rosal, en representación do grupo municipal do Partido Popular para manifesta-lo seu apoio a esta adhesión á carta das cidades educadoras, como xa fixeran na Comisión, pero tamén para dicir que realmente a adhesión e a carta pode ser papel mollado senon se traballa e non se fai un proxecto para que a cidade realmente sexa así; resumindo e falando dunha maneira clara, ten que dicir que en realidade hoxe o que se fai ó adherirse a esta carta é sencillamente formar parte da asemblea xeral, asistir ós congresos internacionais, recibilo boletín, formar parte das redes territoriais, beneficiarse das informacións e participar nas demandas doutros organismos, incorporalos seus programas, experiencias e outras aportacións no banco internacional de documentos e poder conectar directamente con outras cidades a través da web e estar incluída na lista do correo electrónico, é dicir que sinxelamente o que se está a facer e apuntarse a unha páxina web para poder recoller e transmitir información e se só queda aí realmente estase a facer moi pouco.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa conformidade á proposta de acordo nos termos seguintes:

Visto o expediente de referencia, a tendo en conta que pola Tenente de Alcalde-Delegada de Educación formúlase proposta favorable á adhesión do concello de Pontevedra á Carta de Cidades Educadoras e así mesmo a solicitude de admisión na Asociación Internacional de Cidades Educadoras, sometendo a presente proposta ó dictame da Comisión Informativa do Política Social e promoción do Benestar.

Resultando que no primeiro Congreso Internacional de Cidades Educadoras, que tivo lugar en Barcelona en novembro do ano 1990, as cidades representadas no mesmo, propuxeron recoller nunha Carta, os principios básicos que deberían conformalo impulso educativo da cidade, co convencemento de que o desenvolvemento dos seus habitantes non se pode deixar ó azar.

A Convención das Nacións Unidas do 20 de novembro de 1989, considera vinculantes os principios da Declaración Universal de 1959, polo que nenos e xoves deixan de ser protagonistas pasivos da vida social e por tanto da cidade, para ser cidadáns de pleno dereito, que poden asociarse e participar segundo o seu grao de madurez, debendo atopalo seu lugar xunto ós adultos, e fomentando a convivencia xeracional, o compromi-



so da Convención asumíuse en setembro do 90 na Cume Mundial para a Infancia.

Como conclusión sinala-lo dereito dos habitantes das cidades a ter una cidade educadora, que priorice á inversión cultural e a formación permanente da súa poboación.

Por outra banda, no contido da Carta de Cidades Educadoras se recollen os principios básicos deste proxecto internacional, que prioriza o papel das administracións municipais de cara á consecución coa maior eficacia das súas competencias en materia educativa.

Resultando que en data 27 de xaneiro de 2000, pola Comisión Informativa de Política Social e Promoción do Benestar, dictaminouse favorablemente por unanimidade o asunto proposto.

Considerando o sinalado no artigo 25-1 e 2 n) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como o preceptuado no artigo 22-1 do mesmo texto legal, onde se sinala no apartado 2 b) que corresponde ó Pleno a adopción do presente acordo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar, acorda aproba-la adhesión do Concello de Pontevedra á Carta de Cidades Educadoras e a solicitude de admisión na Asociación Internacional de Cidades Educadoras.

#### **6.- GUÍA DE RÚAS: ASIGNACIÓN DE DENOMINACIÓNS DE RÚAS.**

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión de Política Social e Promoción do Benestar á asignación de denominacións de rúas.

Aberto o debate, intervén don Xosé Luis Bará Torres, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, para agradece-lo espírito de consenso que presidiu a Comisión na que se decidiron estes nomes de rúas e facer unha explicación breve de por que se poñen este nomes; en primeiro lugar, no caso de Antonio Losada Diéguez, aínda non sendo de Pontevedra, foi unha das persoas que nos ano 20 fixo un labor máis importante de promoción da cultura nesta cidade, desde o seu posto de profesor de filosofía no instituto animou numerosas empresas entre elas a Sociedade de Estudos Históricos ou a mesma Polifónica da que foi presidente, ata a súa morte no ano 29, é dicir que é unha das persoas que está detrás de tódolos grandes proxectos que xurdiron nesa década incluíndo tamén por suposto o Museo de Pontevedra e tamén desde a Deputación fixo un labor de animación de empresas culturais, como as bolsas artísticas, polo tanto vai ter unha rúa na zona da Parda, perpendicular á rúa da Estrada; en canto á travesía dos Irmáns Pazó responde a unha petición veciñal da Asociación de San Roque dese barrio que propuxo que se recoñecese o labor emprendedor destas dúas persoas, destes empresarios que crearon riqueza e postos de traballo nesta cidade e fixeron polo tanto un labor que merece recoñecemento poñéndolle o seu nome a unha travesía onde estaba antigamente a fábrica Pazó e, por último, na zona de Fonte Santa a proposta é recoñecer tamén a unha persoa como o escultor Acuña, que naceu moi cerca desa

urbanización e hai unha petición dos veciños das Estrigueiras pedindo o recoñecemento para este artista e polo tanto por parte da Comisión propónse que se lle dea o seu nome a unha perimetral que circunda toda a urbanización de Fonte Santa e dentro desta urbanización tamén se propón darlle a dúas rúas o nome de dous fotógrafos, como son o fotógrafo Pintos e o fotógrafo Zagala, recoñecendo tamén o seu traballo no campo da fotografía e con eles a tódolos fotógrafos de Pontevedra que souberon tamén nas súas imaxes plasma-la historia da cidade e transmitila ás futuras xeracións, ese é polo tanto o sentido destas propostas e, como dixo antes, quere tamén recoñecer que foron aprobadas por unanimidade buscando o consenso de tódolos grupos políticos.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa conformidade á proposta de acordo nos termos seguintes:

Á vista dos traballos acometidos pola Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar, en relación coa denominación de novas rúas da cidade, e tendo en conta que polo Tenente de Alcalde delegado da área formulouse proposta a fin de acomete-la denominación de novas rúas de forma paulatina, así como que se lle adscriba o distrito fiscal ós efectos de cobro de impostos, polo que na sesión ordinaria da Comisión Informativa dictamináronse por unanimidade as seguintes:

- Denominar Travesía Irmáns Pazó ó tramo comprendido entre as rúas Irmáns Nodales e a Praza do Gremio de Mareantes.

- Denominar rúa Losada Diéguez ó tramo de nova apertura, que nace na rúa da Estrada, sendo a súa paralela máis próxima a rúa Rafael Dieste.

- Denominar rúa do Escultor Acuña á perimetral que nace e termina na rúa Eduardo Blanco Amor, quedando no seu interior a nova urbanización de Fonte Santa.

- Dentro da perimetral denominada do Escultor Acuña, nomearase como do Fotógrafo Pintos a rúa orientada ó norte e do Fotógrafo Zagala a paralela á interior, orientada ó sur.

Considerando que corresponde ós Concellos revisar, actualizar e completa-la nomenclatura e rotulación das rúas, a teor do disposto no artigo 69 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais e o Real Decreto do 20 de decembro de 1996, así como o establecido no artigo 50-24 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación coa atribución ó Pleno da Corporación, relativa á concesión de distintivos honoríficos.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar, acorda:

PRIMEIRO.- Denominar as seguintes rúas, así como que se lle adscriba ó distrito fiscal ós efectos de cobro de impostos:

- Travesía Irmáns Pazó ó tramo comprendido entre as rúas Irmáns Nodales e a Praza do Gremio de Mareantes.

- Rúa Losada Diéguez ó tramo de nova apertura, que nace na rúa da Estrada, sendo a súa paralela máis próxima a rúa Rafael Dieste.

- Rúa do Escultor Acuña á perimetral que nace e termina na rúa Eduardo Blanco Amor, quedando no seu interior a nova urbanización de Fonte Santa.

- Dentro da perimetral denominada do Escultor Acuña, nomearase como do Fotógrafo Pintos a rúa orientada ó norte e do Fotógrafo Zagala a paralela á interior, orientada ó sur.

SEGUNDO.- Dar conta deste acordo á Xefatura Provincial de Correos e Telégrafos, á Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística, así como á Unidade de Servicios Compartidos, á Unidade de Xestión de Rendas e á Policía Local deste Concello, ós efectos oportunos.

**7.- PATRIMONIO: ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA E SEGREGACIÓN DUNHA PORCIÓN DA FINCA MUNICIPAL Nº 84 DO INVENTARIO DE BENS (ESTACIÓN TRATAMENTO AUGA POTABLE) .**

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio á alteración da cualificación xurídica e segregación dunha porción da finca municipal nº 84 do Inventario de Bens (Estación tratamento auga potable).

Aberto o debate, concédese a palabra a don Manuel Xesús Fontán Bouzas, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que o acordo que se vai tomar nestes momentos é necesario para poder contar cunha parcela, da que o Concello non dispoñía, para poder efectivizalo convenio asinado o 11 xuño de 1999 coa Xunta de Galicia e con diferentes asociacións da parroquia de Lérez e levar a cabo a reversión do local social dos veciños de Lérez, que é unha demanda histórica de tódolos veciños e é polo tanto o primeiro paso en firme que se dá neste sentido para poder revertir este local e que se legalice esta situación, pois desde tempos se leva usando como local dos veciños, a pesar de que a súa historia tivo unha conflictividade que lle gustaría reseñar e facer referencia á historia do local recreativo de Lérez e ó traballo que tódolos veciños e veciñas de Lérez desenvolveron durante todo este século para poder contar con este local; no ano 1929 fúndase en Lérez, entón unha parroquia pioneira en iniciativas, a Xuventude Lerezana a iniciativa dun grupo de mozos e mozas e no ano 32 apróbanse os seus estatutos cun carácter fondamente democrático, que se percibe mesmo na aprobación no ano 33 por acordo da propia asemblea desta asociación da compra dos terreos necesarios para construción dun local para o desenvolvemento das súas actividades, adiantándose ó propio goberno, á república nese momento, co recoñecemento do voto feminino nesta asociación, era polo tanto unha asociación pioneira que tiña entre os seus fins fundamentalmente as actividades socio-culturais; con motivo da guerra civil no ano 1937 o local social de Lérez é incautado ós veciños de Lérez e pasa a formar parte do patrimonio do Estado, cumprindo a función primeiramente de escola, posteriormente de teleclub e fi-

nalmente pasa a ser propiedade da Cámara agraria, a pesar de todo isto nunca deixou de ser utilizado polos veciños e realmente estase aquí tamén constatando unha realidade de que foi usado polas diferentes asociacións de Lérez durante todos estes anos, aínda que non era da súa propiedade, trátase polo tanto dunha dignificación, dunha recuperación da historia e de devolverllo a quen o fixo co seu esforzo; é curioso e é digno de analizar que se as aportacións dos propios veciños foron aportacións individuais, foron tanto en cartos como mesmo en traballo cuantificado, o que aportaron para poder construír este local no ano 1933; é polo tanto unha demanda histórica que é necesario cumprir, que é necesario revertir ós veciños e quérelle agradecer a tódolos veciños e veciñas o importante traballo que teñen feito, porque sen o traballo das diferentes asociacións, da Mutua gandeira, da Cultural e Deportiva de Lérez, da Asociación de veciños de Lérez, da Asociación cultural do Santísimo Cristo do Consuelo, da Asociación cultural Cedofeita e da Comunidade de Montes de Lérez, non se estaría hoxe tratando este tema, trátase polo tanto do primeiro paso en firme e agarda que os trámites sexan o suficientemente áxiles como para que, á maior brevidade, poida ser novamente o Teleclub dos veciños de Lérez.

A continuación interven don Guillermo Meijón Couselo, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que o seu grupo quérese alegrar, como socialistas e como homes de esquerda, de que por fin se inicie a cadea de feitos que conducirán finalmente á reversión do Teleclub de Lérez, sen dúbida estes imprescindibles vericuetos administrativos non poderán ensombrecer-la entrega final á Xuventude lerezana, ós seus lexítimos herdeiros que é a parroquia de Lérez, dunhas propiedades que no seu día costaron 26,87 pesetas e que levaron un esforzo de 10.400 e pico pesetas dos socios daquela; o momento en que isto se poida levar a cabo sen dúbida vai se-lo momento en que a historia e a xustiza vansen encontrar e polo tanto o único que pode facer son vostos para que canto antes os demais elementos da cadea administrativa se poidan cumprir para que ese local se entregue definitivamente.

Seguidamente concédese a palabra a don José Manuel Fernández Rodríguez, en representación do grupo municipal do Partido Popular, quen manifesta que durante longos anos os veciños de Lérez reivindicaron a devolución dun local incautado durante a guerra civil, do que se puxeron de manifesto os seus datos anteriormente, dun local construído co esforzo persoal e desinteresado de moitos veciños, algúns dos cales aínda viven hoxe, tamén durante moitos anos ó longo do tempo leváronse a cabo unha serie de iniciativas por parte das entidades da parroquia co fin de conqueri-la devolución deste local tan vinculado á parroquia, moitas destas iniciativas, por desgracia, non chegaron a bo termo e sen embargo tódolos veciños de Lérez en lugar de arredarse continuaron adiante e cando se lles pechaba unha porta tentaban de abrir outra, foi hai relativamente pou-

co tempo cando algúns dos veciños que estamos na coordinadora de entidades veciñais pensamo-la idea dunha posible permuta de terreos como vía para conseguila devolución, necesitaban o total apoio das institucións e así o solicitaron porque é de xustiza e quere dicilo aquí, porque ás veces se silencian as cousas, que atoparon no entón Alcalde, don Juan Luis Pedrosa, o apoio decidido, el foi o que lles allanou o camiño coa súa intervención ante as Consellerías da Xunta de Galicia, foi o que lles abriu as portas para que esta permuta chegase a bo termo e xuntos, Alcaldía naquel momento e veciños, levaron a cabo a firma dun convenio que unha das cláusulas que contén vaise a aprobar hoxe; o grupo popular neste concello vai votar a favor deste punto, porque ademais pensa que hoxe se fai xustiza porque o local social de Lérez devólvese ós seus lexítimos propietarios que son os veciños de Lérez, hoxe sen dúbida faise xustiza a unha parroquia e ponse termo a unha loita reivindicativa que cre que ten o punto final neste Pleno.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa conformidade á proposta de acordo nos termos seguintes:

Examinado o expediente tramitado para a alteración xurídica dunha parcela municipal a segregarse da finca nº 84 do Inventario de Bens Municipal situada no lugar de Couso-Lérez, son relevantes para a resolución do mesmo os seguintes

#### FEITOS:

1º.- O Concello de Pontevedra é propietario dunha finca rústica sita no lugar de Couso da parroquia de Lérez, cunha superficie de 32.159 m<sup>2</sup>, ocupada en unha superficie de 2.600 m<sup>2</sup> pola planta de tratamento de auga potable, inscrita no Inventario de Bens Municipais co número de orde 84, epígrafe 1 bens inmobles fincas rústicas, como ben de dominio público-servicio público.

2º.- Na finca descrita anteriormente sitúase a E.T.A.P. que ocupa unha superficie de 2.600 m<sup>2</sup>, se ben o resto da finca non é utilizada nin produce froito algún, estando afecta na súa totalidade a un servicio público.

3º.- O título en virtude do cal atribúese a este Concello a propiedade da finca son os acordos plenario de 22 de outubro de 1985 e 22 de agosto de 1986 que declararon a utilidade pública e necesidade da ocupación dos terreos acordando a súa expropiación forzosa á Comunidade de Montes en Man Común de Lérez, procedéndose á súa ocupación o día 8 de outubro de 1987.

4º.- Figura no expediente certificación do Inventario de Bens Municipais da finca así como plano topográfico no que se describe a parcela a segregarse con indicación da súa superficie e lindeiros.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- De conformidade co artigo 81 da Lei de Bases do Réxime Local 7/85, do 2 de abril, e o artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais "a alteración da cualificación xurídica dos bens das Entidades Locais require expediente no que se

acredite a oportunidade e legalidade", quedando cumprido o requisito tendo en conta a xustificación da conveniencia e oportunidade feita pola Alcaldía xa que, excepto a porción de terreo ocupada pola E.T.A.P., o resto non está destinado na actualidade a ningún servizo público.

II.- A parcela a segregar é propiedade municipal en virtude do procedemento expropiatorio tramitado por este Concello dos terreos da Comunidade de Montes de Lérez para a instalación da E.T.A.P.

Tendo en conta o título de propiedade e o posible exercicio do dereito de reversión polos anteriores titulares, de conformidade co establecido nos artigos 54 e 55 da Lei de Expropiación Forzosa, modificados pola Disposición Adicional Quinta da Lei 38/99, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, que prevé que no caso de non executarse a obra ou non establecerse o servizo que motivou a expropiación, así como se houbera algunha parte sobranche dos bens expropiados ou se desaparecera a afectación, o primitivo dono ou os seus causahabientes poderán recobrar a totalidade ou a parte sobranche do expropiado, mediante abono da indemnización, e que se establece un prazo de tres meses para o exercicio do dereito a contar desde a notificación da desafectación, deberá darse trámite de audiencia á Comunidade de Montes de Lérez así como notificarlle o acordo, ó obxecto de preservar o seu dereito.

III.- O Regulamento de Bens no seu artigo 8 establece que o expediente deberá someterse a información pública durante o prazo dun mes e o artigo 34 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, dispón que existindo persoas titulares de dereitos ou intereses lexítimos e directos identificados no procedemento e que poidan resultar afectados polo mesmo, deberá comunicárselles a tramitación do procedemento.

IV.- A segregación da parcela de 2.820 m<sup>2</sup> da de 32.159 m<sup>2</sup> cumpre os requisitos esixidos polo Decreto 330/99 da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria do 9 de decembro polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñendo que ós efectos da Lei 1/99, de 24 de marzo, do Solo de Galicia, a parcela mínima edificable non será inferior á unidade mínima de cultivo, que para o Concello de Pontevedra o mencionado Decreto establece que será 0'20 Ha. para sequeiro e 0'20 Ha. para regadío.

V.- Corresponde ó Pleno da Corporación a adopción do acordo que proceda de conformidade co sinalado no artigo 47.2-1) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 11/99, de 21 de abril, e artigo 64.2-m) da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, que deberá adoptarse co quórum da maioría absoluta legal.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, que representa a maioría absoluta do número legal dos seus membros, e de conformidade con dictame da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Segregar unha parcela de 2.820 m2 da finca nº 84 do Inventario de Bens Municipais sita no lugar de Couso da parroquia de Lérez, cunha superficie total de 32.159 m2, de acordo co plano topográfico incorporado ó expediente.

SEGUNDO.- Aprobar, inicialmente, a alteración da cualificación xurídica da parcela municipal de 2.820 m2 a segregar da finca de 32.159 m2 que figura co número 84 do Inventario de Bens Municipal situada no lugar de Couso-Lérez, quedando cualificada como ben patrimonial de propios.

TERCEIRO.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes, mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Pontevedra, a efectos de exame e reclamacións, quedando definitivamente aprobado no suposto de que non se presentaran reclamacións.

CUARTO.- Conceder trámite de audiencia á Comunidade de Montes de Lérez, ó obxecto de exame e alegacións, durante o prazo de quince días a partir do día seguinte ó da notificación do presente acordo.

QUINTO.- Aprobada definitivamente a alteración da cualificación xurídica da parcela municipal de 2.820 m2, deberá rectificarse no Inventario de Bens Municipais.

SEXTO.- Formalizar en escritura pública a segregación da parcela de 2.820 m2.

#### **8.- CONSELLO ECONÓMICO-SOCIAL: APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO ECONÓMICO-SOCIAL CREADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN.**

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión de Economía, Facenda e Patrimonio á aprobación inicial do Regulamento do Consello Económico-Social creado polo Pleno da Corporación.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Xosé Luis Veiga Lage, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, quen manifesta que, como o tema do Consello Económico-social xa veu a este Pleno, non se vai estender, pero o que quixera destacar é que coa súa aprobación o Concello contará cun órgano de participación plural con representación de todo o sector no aspecto económico, que cre que é un órgano importante para o funcionamento do Concello nos aspectos non executivos pero si de consulta e tamén quixera recalcar que o regulamento que se aproba foi consultado, pois se abriu un prazo para que tódalas asociacións e organismos interesados puideran presentar melloras e emendas e finalmente saíu este regulamento; por último, quixera resaltar que nace coa unanimidade dos grupos políticos, polo menos a nivel de Comisión e cre que é importante que este órgano naza cun amplo aval e cun amplo consenso.

Intervén a continuación don Guillermo Meijón Couselo, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que a creación do Consello Económico-social, produto dunha moción do grupo socialista, constitúe sen dúbida un elemento de primeira orde na configuración do

mapa de consellos sectoriais deste concello, sen dúbida é un paso máis na tarda historia de Pontevedra na que case todo chega con retraso, constitúe ademais o recoñecemento da necesidade dunha participación activa dos sectores empresariais, axentes económicos, sindicatos e veciños na configuración da estrutura económica que os pontevedreses queremos; bastaría con sinalar algunhas das funcións deste consello para dar conta do papel que, se quere e se lle deixa, ten que representar, por exemplo, servir de canle de participación e diálogo de interlocutores sociais no debate de asuntos socio-laborais, pro- por solucións e criterios de actuación fronte á situación de crise en sectores determinados para adopción dos acordos que correspondan por parte do Concello, coñece-las medidas de ac- tuación e planificación económicas e sociais que sexan tomadas polo Concello, elaborar informes, dictames, estudos, etc.; o grupo municipal socialista quere agradece-lo consenso do resto dos grupos políticos e o seu traballo en Comisión para conse- guir esta redacción final, o que non dubida en cualificar como unha afirmación plural da importancia que se lle dá a este consello.

Seguidamente intervén o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, simplemente para decir que aplaude la creación de este Consello Económico-social y espera, y pide a todos los que en su día lo conformen, que realmente funcione y sirva para algo en Pontevedra y, decir también, que es algo que el Partido Popular llevaba en su programa electoral, y que por lo tanto va a votar a favor.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa conformidade ó proxecto de acordo nos termos seguintes:

Examinado o expediente tramitado para a aprobación do Regulamento do Consello Económico-Social, creado polo Pleno da Corporación e resultando que a Secretaría Xeral emite informe con data 22 de decembro de 1999 e que o proxecto de Regulamento foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, na sesión que tivo lugar o día 27 de decembro de 1999, e

Considerando que son de aplicación os seguintes

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Os artigos 9-2 e 23 da Constitución Española impón ós poderes públicos a obriga de "facilita-la participación de tódolos cidadáns na vida pública, económica, cultural e asemade recoñece o dereito de tódolos cidadáns a participar nos asuntos públicos", e o artigo 149-1-18ª atribúe ó Estado a competencia lexislativa para establece-las bases do réxime xurídico de tódalas Administracións Públicas, sen prexuízo das competencias das Comunidades Autónomas para a regulación do réxime local. Así pois corresponde o Estado a regulación da organización básica dos Entes Locais, pero deixando e respectando un espacio normativo para a lexislación autonómica de desenvolvemento en materia de organización municipal, a cal tampouco pode descoñece-la existencia dun ámbito reservado a autonomía do



municipio que ostenta a potestade de autoorganización.

II.- O esquema de prelación de fontes a ter en conta na emisión do informe de Secretaría Xeral é o seguinte:

1º - Constitución Española, artigos 9-12 e 23-1.

2º - Lexislación básica do Estado:

a) Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 4-1º a).

b) Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (artigos 22 a 29 referidos ós órganos colexiados e disposición adicional 1ª) en relación co artigo 2-1-c) referido ó ámbito de aplicación.

3º - Lei 5/97 de Administración Local de Galicia (artigos 59-3 que sinala os requisitos para a creación de órganos complementarios de goberno, e o artigo 71 que atribúe ó Pleno competencia para crear órganos de participación sectorial.

4º - Regulamento de Participación Cidadá (BOP Nº 78 DE 27-4-99) o artigo 2-e) e a disposición adicional 4ª que faculta ó Pleno da Corporación para a creación e regulación dos Consellos Sectoriais.

5º - Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (artigos 130 a 131) que autoriza a creación, composición, organización e ámbito de actuación dos Consellos Sectoriais mediante acordo plenario.

III.- O artigo 6 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu apartado 1 establece que corresponderá ás entidades locais territoriais de Galicia, no ámbito das súas competencias e nos termos establecidos pola lexislación de réxime local, a potestade regulamentaria e de autoorganización.

IV.- A aprobación da ordenanza axustarase ó procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación inicial ó proxecto de Regulamento do Consello Económico-Social.

SEGUNDO.- Someter a trámite de audiencia e información pública o proxecto de Regulamento do Consello Económico-Social aprobado, por un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da súa publicación, a efectos de presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO.- De non se presentar reclamacións ou suxestións dentro do prazo establecido, entenderase aprobado definitivamente e o señor Alcalde dictará resolución dispoñendo a publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

CUARTO.- O texto íntegro do Regulamento é o seguinte:

#### PREÁMBULO

O Consello Económico e Social do Concello de Pontevedra créase como ente consultivo en materia socio-económica e laboral co obxecto de ser un foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e o Goberno Muni-

cipal, coa finalidade de facilitar que no proceso de adopción de decisións se tome en conta a opinión dos diversos axentes económicos e sociais existentes no Concello.

O Consello Económico e Social configúrase como un ente institucional de dereito público, consultivo do Goberno Municipal, que facilita a participación dos axentes económicos e sociais na toma de decisións de carácter económico-social e laboral.

O Consello Económico e Social do Concello de Pontevedra é un órgano colexiado de participación que se constitúe ó amparo do establecido na Constitución Española, artigos 9-12 e 23-1; na Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 4-1º a, 20-23; na Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (artigos 22 a 29 e disposición adicional 1ª); na Lei 5/97 de Administración Local de Galicia (artigos 59-3 que sinala os requisitos para a creación de órganos complementarios de goberno, e o artigo 71 que atribúe ó Pleno competencia para crear órganos de participación sectorial); no Regulamento de Participación cidadá (B.O.P. nº 78 de 27-4-99) o artigo 2-e e a disposición adicional 4ª que faculta ó Pleno da Corporación para a creación e regulación dos Consellos Territoriais; e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (artigos 130 e 131) que autoriza a creación, composición, organización e ámbito de actuación dos Consellos Sectoriais mediante acordo plenario.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1.- Creación e denominación

Créase o Consello Económico e Social do Concello de Pontevedra, coa finalidade, natureza, funcións, composición e estrutura que se establecen no presente acordo.

#### Artigo 2.- Finalidade

O Consello Económico e Social configúrase como un instrumento básico de participación, negociación e concertación dos axentes económicos e sociais para asesorar e transmitir opinións á Administración Local, Autonómica e Central co fin de fomentar o desenvolvemento económico e o pleno emprego no seu ámbito territorial.

O Consello Económico e Social configúrase como un órgano colexiado de carácter consultivo, que facilita a participación e comunicación permanente entre os distintos intereses económicos e sociais do Municipio e de asesoramento e diálogo entre estes e o Concello.

#### Artigo 3.- Funcións

O Consello Económico e Social terá as seguintes funcións:

- Ser informado sobre os criterios e liñas xerais do anteproxecto de orzamentos municipais ós efectos do seu coñecemento e valoración en relación ás materias socio-económicas.

- Servir de canle de participación e diálogo dos interlocutores sociais no debate de asuntos socio-laborais co fin de obter acordos tendentes á busca de solucións á problemática

económico-laboral existente no ámbito territorial do Concello.

- Propor solucións e criterios de actuación fronte a situacións de crise en sectores determinados para a adopción dos acordos que correspondan por parte do Concello.

- Coñecer as medidas e actuacións de planificación económico e sociais que sexan tomadas polo Concello.

- Elaborar informes, dictames ou estudos, de oficio ou a instancia do Concello, en calquera asunto de carácter económico e social.

- Avaliar anualmente, dentro do primeiro trimestre de cada ano, a situación económica e social do Concello

## TÍTULO II

### Composición

#### Artigo 4.- Composición

O Consello Económico e Social terá a seguinte composición:

a) O Presidente que será o Alcalde ou membro da Corporación Municipal en quen delegue.

b) Un representante designado polas Asociacións Empresariais existentes no Concello.

c) Un representante da Cámara de Comercio.

d) Un representante de Caixa Pontevedra ou entidade que resulte da súa fusión con Caixa Vigo-Caixa Ourense.

e) Un representante de cada grupo político municipal.

f) O Delegado Provincial da Consellería da Xunta de Galicia que teña conferidas as competencias en materia de promoción económica e emprego.

g) Un representante do Campus Universitario de Pontevedra.

h) Un representante da Federación de Asociacións de Veciños de Pontevedra.

i) Un representante de cada unha das Centrais Sindicais mais representativas.

j) Un Secretario Xeral.

#### Artigo 5.- Designación e duración do mandato

Os membros do Consello serán designados e nomeados para un mandato de catro anos, renovable por períodos de igual duración. Cada un dos representantes poderá ter un substituto que exercerá as súas funcións en caso de ausencia xustificada.

Os membros do Consello serán designados polos órganos competentes das diversas asociacións, entidades e organizacións indicadas anteriormente. Poderán ser substituídos polas entidades, organizacións ou asociacións que os designen e os nomeados permanecerán no seu cargo, como máximo, polo tempo que lle reste ó substituído para o cumprimento do seu mandato.

#### Artigo 6.- Cesamento

Os membros do Consello cesarán ou perderán a citada condición por algunha das seguintes causas:

a) Cumprimento do mandato para o que foi elixido.

b) Renuncia expresa ante o Presidente do Consello e, no caso deste, ante o Pleno do Consello

c) Declaración de incapacidade ou inhabilitación para desempeño de cargo público, por sentenza xudicial firme.

d) Proposta das entidades e asociacións que promovesen a

súa designación.

### TÍTULO III Funcionamento

#### Artigo 7.- Órganos do Consello Económico e Social

O Consello Económico e Social do Concello de Pontevedra para o exercicio das súas funcións actuará a través dos seguintes órganos:

- Pleno
- Presidente
- Vicepresidente
- Secretario.

#### Artigo 8.- O Pleno

a) O Pleno é o órgano supremo de decisión e formación da vontade do Consello.

b) O Pleno estará integrado pola totalidade dos membros mencionados no artigo 4º apartados a), b), c), d), e), f), g), h), i), e j), baixo a dirección do Presidente e asistido polo Secretario Xeral.

c) O voto dos membros do Pleno será persoal e non delegable; recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares, que deberán unirse á resolución correspondente.

d) O Pleno reunirase en sesión ordinaria, cando menos, cuatrimestralmente. Así mesmo poderá reunirse con carácter extraordinario por iniciativa do Presidente ou dun tercio dos seus membros.

As citadas sesións poderán asistir especialistas ou técnicos cando se considere necesario, os cales participarán con voz máis sen voto.

e) Para a válida actuación do Pleno será necesaria a maioría absoluta, en primeira convocatoria, e a asistencia de alomenos un tercio dos seus membros en segunda convocatoria. En todo caso será necesaria a asistencia sempre do Presidente e do Secretario Xeral, ou de quen legalmente os substitúa.

#### Artigo 9.- O Presidente

O Presidente será o Alcalde-Presidente ou membro da Corporación Municipal en quen delegue.

Son funcións do Presidente:

a) Dirixir as actuacións do Consello e ostentar a súa representación.

b) Convocar as sesións do Consello, presidilas e moderar o desenvolvemento dos debates.

c) Elaborar a orde do día das sesións do Consello.

d) Ordenar a publicación dos acordos do Consello.

#### Artigo 10.- O Vicepresidente

O Vicepresidente será nomeado polo Presidente.

As súas funcións son substituír ó Presidente en caso de ausencia ou enfermidade do mesmo.

#### Artigo 11.- O Secretario Xeral

O Secretario Xeral será o da Corporación Municipal ou funcionario en quen delegue.

Son funcións do Secretario Xeral:

a) Asistir, con voz pero sen voto, ás sesións do Consello.

b) Custodiar a documentación do Consello.

c) Expedir certificacións das actas, acordos e outros documentos confiados a súa custodia, co Visto e Prace do Presidente.

d) Estender as actas das sesións, autorizalas coa súa firma e Visto e Prace do Presidente, e darlle curso ós acordos que se adopten.

e) Cantas outras lle sexan atribuídas polo Consello ou sexan inherentes a súa condición de Secretario.

#### Disposición Final

En todo o non previsto no presente Regulamento estarase ó Réxime Xurídico establecido para os órganos colexiados nos artigos 22 a 27 da Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

### **9.- ORDENACIÓN DO TRÁFICO URBANO: APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO ESTACIONAMENTO GRATUÍTO CON LIMITACIÓN HORARIA (ZONA AZUL).**

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo á aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora do estacionamento gratuítu con limitación horaria (zona azul).

Aberto o debate, intervén don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que o estacionamento en tódalas cidades é un tema tremendamente difícil, o espazo é escaso e cada vez a demanda de estacionamento é máis elevada e hai toda unha batería de medidas para regular este estacionamento e para facer un aproveitamento máis racional, entre as que se topa o da zona azul, hai que dicir que a xéneses xurdeu dunha demanda dos comerciantes e asociacións do centro histórico relacionado fundamentalmente co mercado e o que se aproba hoxe é iso pero relativizado, no sentido de que unha ordenanza leva uns trámites moi lentos, polo tanto queda aberta a posibilidade de implantala nunha zona segundo decida o Pleno no seu momento pero cun mecanismo moito máis áxil; a idea é implantar, en lugares moi localizados e cuns fins moi determinados, este instrumento da zona azul gratuitamente para unha utilización en rotación no escaso espazo de estacionamento que hai e con iso lograr uns obxectivos comerciais que se fixen en cada momento; levou un proceso de xestación lento, entre outras cousas porque como estaba o mercado en obras pois non había unha presa especial en implantala, porque había que varialo segundo se ocupen as rúas con valados ou non se ocupen, houbo varios borradores, pasou por Comisión varias veces e cre que sae un documento como sempre perfeccionable, pero é un instrumento válido que lle vai axudar a toda a cidade a lograr eses obxectivos de rota-lo estacionamento sempre en zonas definidas e cos obxectivos moi concretos.

A continuación concédese a palabra a don Guillermo Meijón Couselo, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, o cal manifesta que o seu grupo vai mante-lo voto afirmativo xa expresado en Comisión, pois

estase ante unha ordenanza que vai permitir regula-lo tráfico naquelas rúas que en Plenos posteriores se determinen, non cabe dúbida que realmente isto non é ningunha panacea e seguramente esta ordenanza sirve para solucionar parches que no seu día espera que poidan contar cunha solución máis efectiva, como pode ser dotar a esta cidade do número de aparcamentos razoables e necesarios; tamén quere recalcar, sobre todo porque recorda a época en que esta zona azul xa existiu hai anos nesta cidade, que para que esta medida teña éxito é indispensable que por parte do Concelleiro encargado da Policía municipal se inste para un funcionamento escrupuloso da zona azul, porque de non ser así sería un absoluto fracaso, como no seu día foi o da hora e o señor Mosquera sabe que sempre pode contar co grupo socialista para todas aquelas solucións sensatas que sexan produto das demandas veciñais ou do equipo de goberno.

Intervén seguidamente o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, dicindo que va a votar a favor, pero que se abstuvo en Comisión por dos razóns, un pouco por motivo de protesta, pues después de pasar tres veces por Comisión esta ordenanza no lograron tener el documento final hasta la última Comisión, documento final que fue otra vez modificado en la propia Comisión, con lo cual tampoco fue el final y documento que cree que tiene una redacción bastante mala, pues parece incluso que haya sido hecho con cierta desgana y que sigue estando enrevesado en su redacción en el tema de las infracciones, pues una infracción es rebasar el doble del tiempo máximo y otra es el exceso sobre el tiempo máximo y cree que la infracción es una, rebasar el tiempo máximo autorizado y que luego se debía de graduar la sanción, que es lo que tendría que hacerse si realmente estuviese hecha la ordenanza con cierto cariño, pero eso lo expresaron en la Comisión y no se les hizo caso y al final está claro que se va a aplicar y espera que funcione, pero cree que no es bueno que queden estas cosas mal escritas porque sabe por experiencia que los Ayuntamientos se piden entre ellos las distintas ordenanzas y por ejemplo el Ayuntamiento de Soria pedirá algún día la ordenanza de Pontevedra y verá que realmente es mala y fulera, eso es lo que le daba pena al Partido Popular y por eso se ha abstenido; sigue dicindo que se puede mejorar bastante y de una forma muy sencilla, pero no obstante está totalmente de acuerdo con que se establezca la zona azul y como tendrá que pasar por Pleno por lo tanto habrá que discutir en que calles se aplica, pues está claro que la zona azul favorece a los comerciantes de una zona pero perjudica a los residentes.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa conformidade ó proxecto de acordo nos termos seguintes:

Vista a Ordenanza municipal reguladora do estacionamento gratuito con limitación horaria en vías urbanas do municipio (zona azul) e resultando do procedemento tramitado os seguintes

#### ANTECEDENTES:

1º.- O Tenente de Alcalde delegado da área de Urbanismo e Ordenación do Territorio, coa colaboración do Oficial Xefe da Policía Local elaborou un anteproxecto de Ordenanza municipal reguladora do estacionamento gratuito con limitación horaria en vías urbanas do municipio (zona azul).

2º.- O devandito anteproxecto informouse verbalmente por esta Secretaría Xeral que suxeriu a introducción de determinadas modificacións relativas á fundamentación xurídica e implantación posterior das zonas azules.

3º.- O novo texto da ordenanza someteuse á consideración da Comisión Informativa de Urbanismo, a cal debateu a conveniencia de introducir novas modificacións relativas ó horario de estacionamento regulado na ordenanza e que a implantación de novas zonas azules sexa reservada ó Pleno da Corporación.

4º.- En consonancia co anterior o Tenente de Alcalde delegado da área de Urbanismo presenta un proxecto modificado de ordenanza obxecto deste informe.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- O artigo 25-2-b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, atribúe ó municipio competencias para "a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas".

II.- O artigo 76 da Ordenanza Municipal reguladora da Circulación nas vías urbanas do municipio, (BOP de 30-12-89), determina que "La Autoridad municipal podrá establecer en determinadas zonas regímenes de estacionamiento limitado, gratuitos o de pago, regulado por discos de control, parquímetros o cualquier otro sistema, como medio de ordenación del tráfico o selección del mismo".

III.- O artigo 7-b) e c) do Real Decreto Lexislativo 339/1990, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre o Tráfico e a Seguridade Vial, reformado pola Lei 5/1997, de 24 de marzo, atribúe ó municipio competencia para:

- A regulación, mediante Ordenanza Municipal de Circulación, dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre tódolos usuarios, coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peatonal das rúas, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garanti-la rotación dos aparcamentos.

- A inmovilización dos vehículos nas vías urbanas cando non se atopen provistos de título que habilite o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou excedan da autorización concedida ata que se logre a identificación do seu conductor.

- A retirada dos vehículos das vías urbanas e o posterior depósito de aqueles cando obstaculicen ou dificulten a circulación ou supoñan un perigo para esta ou se atopen incorrectamente aparcados nas zonas de estacionamento restrinxido, nas condicións previstas para a inmovilización neste mesmo artigo.

- Igualmente, a retirada de vehículos nas vías interurbanas e o posterior depósito destes, nos casos e condicións que regulamentariamente se determinen.

IV.- O artigo 38-4 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, reformado pola Lei 5/1997, de 24 de marzo, dispón: "El régimen de parada y estacionamiento en vías urbanas se regulará por Ordenanza Municipal, pudiendo adoptarse las medidas necesarias para evitar el entorpecimiento del tráfico, entre ellas, limitaciones horarias de duración del estacionamiento, así como las medidas correctoras precisas incluída la retirada del vehículo o la inmovilización del mismo cuando no se halle provisto de título que habilite el estacionamiento en zonas limitadas en tiempo o excedan de la autorización concedida hasta que se logre la identificación del conductor."

V.- As disposicións de carácter xeral deben axustarse á Constitución e non poden vulnerar as Leis nin outras disposicións de rango superior, debendo respecta-lo principio de xerarquía establecido nas leis, segundo determina o artigo 51 da Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

VI.- As determinacións contidas na ordenanza obxecto de informe axústanse ó ordenamento xurídico vixente tanto en materia de competencia como de xerarquía normativa, sendo unha manifestación da autonomía municipal que debe producirse conforme ó procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local.

VII.- O artigo 22-2-d) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, confire ó Pleno da Corporación atribucións para a aprobación das Ordenanzas municipais consonte o procedemento establecido no artigo 49 da citada Lei.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación inicial ó proxecto de Ordenanza municipal reguladora do estacionamento gratuíto con limitación horaria en vías urbanas do municipio (zona azul), integrada por nove artigos.

SEGUNDO.- Someter a información pública e audiencia dos interesados o proxecto de ordenanza aprobado por un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da súa publicación, a efectos de presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións ou suxestións dentro do prazo establecido entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación definitiva e o Sr. Alcalde dictará resolución dispoñendo a publicación do seu texto integro para entrada en vigor.

CUARTO.- O texto integro da Ordenanza é o seguinte:

Artigo 1º.- **OBJECTO DA ORDENANZA**.- A presente ordenanza ten por obxecto a regulación dos estacionamentos gratuítos con limitacións horarias de duración, nas zonas das vías urbanas que se determinen polo Pleno da Corporación para garantir a rotación dos aparcamentos e mellora-la circulación de vehículos.

Artigo 2º.- **FUNDAMENTO XURÍDICO**.- A presente ordenanza mu-



nicipal dítase ó abeiro da seguinte normativa:

a) O artigo 25-2-b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

b) O artigo 7-b) e c) do Real Decreto Lexislativo 339/1990, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre o Tráfico e a Seguridade Vial, reformado pola Lei 5/1997, de 24 de marzo.

c) O artigo 38-4 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, reformado pola Lei 5/1997, de 24 de marzo.

d) O artigo 76 da Ordenanza Municipal reguladora da Circulación nas vías urbanas do municipio, (BOP de 30-12-89).

e) O artigo 22-2-d) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, confire ó Pleno da Corporación atribucións para a aprobación das Ordenanzas municipais consonte ó procedemento establecido no artigo 49 da citada Lei.

Artigo 3º.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

1) ÁMBITO PERSOAL.- Suxeitaranse ás disposicións da presente Ordenanza tódalas persoas que utilicen as vías urbanas, co vehículo de motor, no ámbito territorial da súa aplicación, excepto os condutores de vehículos oficiais da Policía, Corpo de Bombeiros e de Asistencia Sanitaria.

2) ÁMBITO TERRITORIAL.- As disposicións da presente Ordenanza municipal aplicaranse nas vías urbanas e prazas do contorno do Mercado Central de Abastos e naquelas outras zonas urbanas que determine o Pleno da Corporación mediante acordo, publicado na prensa local, no que se especificarán as rúas e prazas en que rexerá un horario limitado para o estacionamento de vehículos (zona azul).

3) ÁMBITO TEMPORAL.

a) Días con estacionamento limitado: laborables.

b) Franxa horaria: de 9 a 14 e de 16 a 20 horas. Sábados de 9 a 14 horas.

c) Tempo máximo de estacionamento: unha hora.

Artigo 4º.- SINALIZACIÓN.- As vías urbanas e prazas, onde o Pleno da Corporación implante a limitación horaria de estacionamento (zona azul), identificaranse coas sinais verticais e horizontais regulamentarias establecidas no artigo 154 do Regulamento Xeral de Circulación (aprobado por Real Decreto 13/1992), o cal prevé a sinal R-309, zona de estacionamento de duración limitada e obriga ó conductor de indicar, de forma regulamentaria, a hora de comezo do estacionamento, e o artigo 171, do mesmo Regulamento, relativo a marcas viais e ó significado desas en función da súa cor, con referencia especial ás marcas azuis que indican que en certos períodos do día a duración do estacionamento autorizado está limitada.

Artigo 5º.- UTILIZACIÓN DA ZONA AZUL.- Os condutores que pretendan usar estacionamentos na zona azul, quedan obrigados a colocar na parte interior dianteira do vehículo (cadro de instrumentos), un disco horario, no que quedará perfectamente reflectida, en forma visible, a hora do inicio do estacionamento e que constitúe título habilitante para o mesmo.

Quedan exceptuados os condutores dos servicios oficiais

indicados no artigo 3.1 (ámbito persoal de aplicación).

Artigos 6º.- INFRACCIÓNS Á ORDENANZA.- Constitúen infraccións á presente Ordenanza:

1.- A utilización da zona azul sen disco horario, que habilita o estacionamento.

2.- Reborda-lo dobra de tempo máximo autorizado de 1 hora.

3.- O exceso sobre o tempo máximo autorizado, de 1 hora, sen que supoña dobra do mesmo.

4.- A ocupación cun vehículo de parte de dous espacios sinalizados de estacionamentos, impedindo o seu uso a outros.

Artigo 7º.- DENUNCIAS E OUTRAS MEDIDAS COMPLEMENTARIAS.- A supervisión e vixilancia do correcto funcionamento do sistema de zona azul se efectuará pola Policía Local, quen revisará periodicamente que se cumpra a obriga de utilizar disco horario e que non se exceda do tempo máximo autorizado, procedendo, en caso contrario, a formular denuncia das infraccións e dispoñendo a inmovilización ou retirada do vehículo co que se cometan, segundo os casos e na forma seguinte:

1.- A utilización da zona azul sen disco horario que habilita o estacionamento, o con disco pero rebordando o dobre do tempo máximo autorizado de 1 hora, levará consigo:

a) Denuncia por infraccións ó artigo 39.2.b) da Lei sobre Tráfico, que prohíbe estacionar en lugares habilitados pola Autoridade Municipal como de estacionamento con limitación horaria sen colocar o distintivo que o autoriza ou cando colocado o distintivo se manteña estacionado o vehículo en exceso sobre o tempo máximo permitido pola Ordenanza Municipal.

b) A retirada do vehículo, de conformidade co establecido no artigo 71.1.e) da mesma Lei sobre Tráfico e o seu depósito no Parque Municipal do Servicio de Grúa, debendo aboar, o seu conductor, as taxas municipais correspondentes en dito Parque Municipal.

2.- O exceso sobre o tempo máximo autorizado (1 hora) sen que supoña dobre do mesmo, levará consigo:

a) Denuncia por infracción ó artigo 39.2.b) da Lei sobre Tráfico.

b) Inmovilización do vehículo, de conformidade co establecido no artigo 70 da devandita Lei sobre Tráfico, ata a identificación do seu conductor, debéndose solicita-lo seu levantamento aboando previamente a taxa regulamentaria.

3.- A ocupación cun vehículo de máis dun espacio sinalizado de estacionamento, levará consigo denuncias por infracción ó artigo 92 do Regulamento Xeral de Circulación.

Artigo 8º.- IMPLANTACIÓN EFECTIVA DE ZONAS AZUIS.- Unha vez entre en vigor a presente Ordenanza, o Pleno da Corporación, mediante acordo publicado na prensa local, determinará, de forma simultánea ou sucesiva, a zona ou zonas azuis nas que se implantará a limitación horaria para estacionamento de vehículos, especificando as rúas e prazas afectadas e podendo adecua-los horarios establecidos no artigo 3.3, en función dunha ordenación racional do tráfico e das necesidades de estacionamento.

Artigo 9º.- DISPOSICIÓN FINAL.- A presente Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, terá a súa vixencia transcorrido o prazo de quince días dende o seguinte ó da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

**10.- SERVICIOS SOCIAIS: APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR.**

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión Informativa Permanente de Policía Social e Promoción do Benestar á aprobación inicial da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar.

Aberto o debate, intervén dona María dos Anxos Riveiro Portela, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que a finalidade desta ordenanza é regula-lo servizo de axuda no fogar que neste momento se esta a desenvolver dun xeito gratuíto para toda a cidadanía do Concello de Pontevedra, este servizo conveniado neste momento coa Cruz Vermella está a atender nestes momentos a cen persoas, fundamentalmente se trata de persoas maiores e persoas incapacitadas, este programa permite prestarlles unha serie de coidados de carácter persoal e psicosocial, educativo e doméstico co fin de aumentarlles no posible o seu benestar sen que teñan que saír do seu fogar; esta ordenanza permite abri-la posibilidade de que no futuro accedan ó servizo de axuda no fogar persoas cunha capacidade económica maior, neste senso as funcionarias técnicas de Servizos Sociais do Concello están a traballar na elaboración de baremos de aportación dos usuarios e usuarias, tanto os de exentos de pagamento, como os de pagamento porcentual e pagamento total e será o Pleno do Concello o que no seu momento aprobe estes baremos.

Seguidamente concédese a palabra a dona María Teresa Casal García, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, quen manifesta que ten que repetilo que dicía o seu compañeiro Guillermo Meijón hai un momento, que sempre que as iniciativas que se presenten sexan boas para a comunidade pontevedresa, teñan un contido social e sexan razoables o seu grupo sempre as apoiará, de feito na Comisión os dous cambios ós que facía alusión o señor Secretario incorporáronse por este grupo, pois parecíalles que se quedaba un pouco coxa a ordenanza se se excluía totalmente os sábados, os festivos e os domingos, porque supoñen que son casos excepcionais, pero parécelle mellor que quede recollido que habendo eses casos excepcionais poderase ter tamén atendidos e tamén con respecto á disposición final pensa que debe se-lo Pleno o que decida os prezos públicos.

Intervén a continuación don Celestino Lores Rosal en representación do grupo municipal do Partido Popular, para manifesta-lo seu apoio á ordenanza e para deixar claro que esta era unha reivindicación que xa a anterior Concelleira de Política Social, Blanca Rodríguez, había iniciado e que polo tanto xa se está a rematar ese proceso que se iniciara xa hai un tempo, por outra banda está totalmente de acordo tanto co espírito, como co que se recolleu na disposición adicional, así

como o cambio de horario que lle parecía que non era bo para a xente que ía ser afectada.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa conformidade ó proxecto de acordo nos termos seguintes:

Dada conta do expediente tramitado para a aprobación inicial da Ordenanza reguladora do Servicio de Axuda no Fogar, resultando acreditados os seguintes

#### FEITOS:

A Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia, publicou unha Orde, en data 22/07/96, (D.O.G.A de 21 de agosto de 1996), pola que se regula o servicio de axuda no fogar, onde se pretende homologar criterios a nivel autonómico en relación coa regulación de tal prestación polas Entidades prestadoras de Servicios Sociais, atendendo ós contidos mínimos previstos na Orden de referencia.

O Concello de Pontevedra ven prestando dende o ano 1991 o referido servicio, a través dun Convenio coa Asemblea Local da Cruz Vermella Española en Pontevedra, contando con financiamento propio e da Xunta de Galicia, que anualmente convoca axudas para o desenvolvemento de programas e investimentos destinadas á prestación de servicios sociais polas Corporacións Locais.

Os proxectos de axuda no fogar e o seu complementario de teleasistencia domiciliaria, figuran incluídos dentro da programación anual dos servicios sociais municipais, que se somete a aprobación plenaria, estando regulado na actualidade como unha prestación gratuíta para persoas ou unidades familiares que reúnan os requisitos da prestación e teñan ingresos inferiores ó S.M.I vixente, cun índice de incremento corrector para cada membro engadido.

A Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia, priorizou este servicio, para o que desenvolveu unha normativa básica, que en parte permita a posibilidade de acceso ó mesmo, a solicitantes cunha capacidade económica maior, situándoos en franxas económicas de ingresos, que permiten a aportación por parte destes, ó custo total do servicio.

Seguindo instrucións da Tenente de Alcalde-Delegada de Servicios Sociais, deuse continuidade ó expediente iniciado ó efecto, para o que se elaborou unha disposición de carácter xeral do referido servicio, e uníronse os informes da Secretaría e Intervención Xerais, nas que se examinan a proposta formulada e a Ordenanza.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- De conformidade co establecido no artigo 4-1 a) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ó Concello, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, "as potestades regulamentarias e de autoorganización".

II.- A Constitución Española no seu artigo 9º, garante o principio de xerarquía normativa das disposicións de carácter xeral, estando tódolos poderes públicos suxeitos á Constitu-

ción e ó resto do Ordenamento xurídico, polo que as disposicións dunha Ordenanza municipal non poden contradicir as normas contidas en leis de rango superior.

III.- A Orden de 22 de xullo de 1996 da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia (D.O.G.A do 21 de agosto do 1996), regula o servizo de axuda no fogar, e pretende homologar criterios a nivel autonómico da referida prestación, para as Entidades prestadoras de Servicios Sociais.

IV.- De conformidade co sinalado no artigo 22-2 da Lei 7/85, corresponde ó Pleno da Corporación a aprobación dos Regulamentos e Ordenanzas, sendo suficiente para a validez do acordo a maioría simple, segundo dispón o artigo 47-1 da citada Lei.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxecto de Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Pontevedra, integrado por dez artigos, unha disposición adicional e unha disposición derradeira.

SEGUNDO.- Dispoñer que a Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar de Pontevedra, se someta a información pública e audiencia dos interesados, por un período de 30 días hábiles a efectos de reclamacións e suxestións, mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, e comunicar o acordo á Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia e á súa Delegación Provincial.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións ou suxestións durante o período concedido ó efecto, a Alcaldía elevará a definitiva a aprobación inicial, ordenando a publicación do texto íntegro da Ordenanza reguladora no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor.

CUARTO.- No suposto de presentarse reclamacións ou suxestións contra a Ordenanza, aprobada inicialmente, serán tramitadas regulamentariamente para a súa resolución polo Pleno da Corporación, que se pronunciará sobre a súa aprobación definitiva.

QUINTO.- O texto íntegro da Ordenanza é o seguinte:  
ARTIGO 1º.- FINALIDADE DA ORDENANZA.

É a finalidade da presente ordenanza, regula-lo desenvolvemento do Servizo de Axuda no Fogar, no termo municipal do Concello de Pontevedra, en exercicio das potestades regulamentaria e de programación, conferidas no art. 4 da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local.

A Ordenanza do servizo de Axuda no fogar, inscríbese no ámbito de actuación das competencias municipais, atribuídas ó Concello polo artigo 25-2 k) para a prestación dos servizos sociais, en desenvolvemento das determinacións e directrices contidas na Lei 4/93 de 14 de abril de Servizos Sociais, do Decreto 240/95, do 28 de xullo, polo que se regulan os Servizos Sociais de atención primaria, e da Orde do 22 de xullo de

1996, pola que se regula o Servicio de Axuda no fogar.

#### ARTIGO 2º.-OBJECTO DO PROGRAMA.

O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestarlle un conxunto de atencións desde unha perspectiva integral e normalizadora a individuos e familias no seu domicilio, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía, por motivos de índole físico, psíquico ou social, facilitando a permanencia no seu propio entorno e mellorando a súa calidade de vida.

A axuda no fogar terá a consideración de prestación básica de servizos sociais de atención primaria inserta no sistema integrado de servizos sociais, de carácter complementario e transitorio, que non exige á familia das súas responsabilidades, con planificación, coordinación de control público, que a través de persoal cualificado e supervisado, presta a nivel preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador, unha serie de atencións ou coidados de carácter persoal, psicosocial e educativo, doméstico e técnico, a familias e persoas con dificultades para procura-lo seu benestar físico, social e psicolóxico, co fin de que poida continuar no seu contorno natural, mentres isto sexa posible e conveniente.

#### ARTIGO 3º.-BENEFICIARIOS DO PROGRAMA.

O servizo de axuda no fogar, vai dirixido a toda a poboación de municipio de Pontevedra, pero deben ser obxecto de especial atención, aqueles cidadáns que polas súas eivas físicas, socio-económicas ou familiares, teñan limitada a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social.

- Persoas maiores, con certo nivel de dependencia, que non teñan ninguén que os atenda suficientemente e que con esa axuda poidan continuar vivindo no seu fogar.

- Persoas con minusvalías ou incapacitadas ás que a axuda no fogar lles poida favorecer a súa autonomía.

- Persoas afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental ou por outros motivos que lles fagan precisar de axuda.

- Menores ós que haxa que coidar ou atender por ausencia dos pais ou titores, ou cando estes por circunstancias provisionais de enfermidade ou outros motivos, non poidan exercer as súas funcións.

- Colectivos específicos que presenten situacións de risco e exclusión social.

En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar, avaliada tecnicamente, que xustifique a intervención do servizo.

#### ARTIGO 4º.-PRESTACIÓNS.

Tódalas atencións ás que se fai referencia neste artigo, aplicaranse sempre con carácter complementario das propias capacidades do/a usuario/a, ou doutras persoas do seu entorno inmediato, non eliminan nin substitúen, as tarefas que o/a usuario/a poida levar a cabo, e en ningún caso suplantarán as responsabilidades familiares.

Niveis de actuación:

a) Atencións de carácter persoal:

- Aseo e coidado persoal.

- Control do réxime alimentario.
- Supervisión se procede da administración de medicamentos simples, prescritos polos facultativos.
- Tarefas de compañía fora do fogar para a realización de trámites, xestións, visitas médicas e outras.
- Mobilidade no interior do fogar.
- Calquera outra atención de carácter persoal e específico para acadar-la finalidade do servizo.
- b) Atencións de carácter doméstico:
  - Compra e preparación de alimentos.
  - Limpeza e mantemento da hixiene na vivenda.
  - Lavar, pasa-lo ferro e ordena-la roupa do fogar.
- c) Atención de carácter socio-educativo.
  - Organización doméstica.
  - Axuda a integración e socialización do usuario.
  - Cambios de hábitos de orde e limpeza.
  - Apoio nos cambios da dinámica familiar, relacionados coa súa normalización.
  - Práctica en habilidades sociais.
  - Comunicación e dialogo co usuario, durante o tempo que dura a prestación.

d) Atencións de carácter técnico e complementario:

Refírense ás xestións ou actuacións que poidan ser necesarias, ben para a posta en marcha do servizo, ben para que continúe en condicións axeitadas, ou para permitir, co apoio de novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencia, tales como a teleasistencia e outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar.

ARTIGO 5º.- OBOJECTIVOS DO PROGRAMA.

Son obxectivos xerais do S.A.F, os seguintes:

- Apoio a familias en situacións de risco, por desequilibrios ou deterioros nas relacións familiares.
- Posibilitar a individuos con dificultades de autovalemento a permanencia no seu fogar.

Son obxectivos específicos, os seguintes:

- Sinalar pautas de organización axeitadas, que melloren as condicións de vida.
- Apoio e seguimento cando se precise de certas actuación en relación cos menores da familia.
- Apoiar ás familias cando estas non poidan asumir totalmente o coidado dos membros mais desprotexidos.
- Evitar ou retarda-lo ingreso dalgúns membros da unidade familiar en centros asistenciais, sempre que as circunstancias o fagan posible.
- Implicar ós propios destinatarios do servizo na resolución da súa problemática persoal e/ou familiar.

ARTIGO 6º.- XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA.

Corresponde ó Concello de Pontevedra a competencia exclusiva das funcións de planificación, tramitación, xestión, coordinación, execución e seguimento do servizo.

O Concello poderá contratar o convenia-la execución do servizo con entidades privadas ou públicas, de conformidade

co previsto na Lei de Contratos das Administracións Públicas, e o sinalado no Título terceiro da Lei 4/93, do 14 de abril de Servicios Sociais da Comunidade Autónoma.

A extensión e intensidade do Servicio de Axuda no Fogar que poidan recoñecerse, virá condicionada pola limitación dos orzamentos dispoñibles para este servicio.

ARTIGO 7º.- TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES.

O acceso ó SAF tramitarase dende os Servicios Sociais municipais, onde atenderase a demanda e informarse das condicións e documentación precisa, que unha vez cumprimentada presentárase no Rexistro Xeral do Concello.

A) O impreso de SOLICITUDE irá acompañado dos seguintes documentos:

- Fotocopia do D.N.I.
- Certificado de empadramento e convivencia.
- Fotocopia da cartilla sanitaria.
- Xustificantes de ingresos económicos, ou a ausencia dos mesmos, de tódolos membros da unidade de convivencia:
- Copia cotexada da declaración da Renda, ou certificación negativa de non facela.
- Certificacións de pensións ou prestación percibidas.
- Fotocopias cotexadas das últimas nóminas, e/ou vida laboral.
- Certificacións catastrais, sobre bens rústicos, urbanos e industriais,.
- Certificacións bancarias.
- Xustificantes, no seu caso, do pagamento do alugamento da vivenda.
- Informe médico, no seu caso, que acredite a imposibilidade física ou psíquica.
- No caso de ter outorgado testamento, cesión ou doazón de bens, fotocopia das mesmas.

B) Unha vez presentada a solicitude, a Asistente Social da zona correspondente, emitirá un informe social no que se valorará a situación socio-económica, o autovalemento e situación familiar do solicitante e da súa unidade de convivencia, igualmente calquera outros de interese para o expediente, e proporanse as tarefas específicas da atención e o número de horas da prestación e farase sinalamento especial se se consideran de carácter urxente.

A responsable técnica do servicio emitirá proposta de resolución ó órgano de goberno competente, quen resolverá. A resolución notificarase ó solicitante.

C) Unha vez resolta a solicitude, no caso de que sexa positiva, e en función da dispoñibilidade económica do servicio, cubrirase a atención ou pasarase a lista de espera, ocupando a orde que lle corresponda.

D) No caso de que a permanencia na lista de espera supere os seis meses, procederá unha nova valoración das circunstancias socio-económicas e de saúde.

E) O usuario asinará un documento, onde mostre conformidade coas normas reguladoras, así como cas tarefas a desenvol-



ver, horarios, días e aportación económica correspondente se é o caso. Quedan obrigados a comunicar os Servicios Sociais municipais todos os cambios que supoñan variación nas súas circunstancias persoais, familiares, económicas e de saúde.

O prazo de solicitude permanecerá aberto todo o ano.

O tempo real máximo diario da prestación do servicio será de dúas horas.

O horario de atención exclúe sábados, domingos e festivos, se ben poderá prestarse o servicio con carácter excepcional nestes días, previa valoración dos Servicios Sociais municipais.

#### ARTIGO 8º.-CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DO SERVICIO.

Os criterios para a concesión do servicio, deberán basearse en indicadores flexibles que permitan considerala valoración de necesidades realizadas polo profesional, arredor de:

1.- Autonomía persoal para a realización de actividades da vida cotiá (alimentación, hixiene persoal, labores domésticos, etc), puntuando niveis de dependencia ou necesidades derivadas de deficiencias de saúde física ou mental.

2.- Situación socio-familiar, establecendo os graos en que a familia e outras persoas do entorno do posible usuario o axuden ou o poidan axudar.

3.- Situación socio-económica da unidade de convivencia, tomando como base a renda dispoñible mensual, entendendo por esta a cantidade resultante de restar dos ingresos da unidade de convivencia os gastos fixos de alugueiro ou amortización da vivenda

4.- Outras situacións e factores máis específicos, como poidan se-la localización, estado e equipamento da vivenda, os recursos dispoñibles no entorno e o acceso a eles.

#### ARTIGO 9º.- CAUSAS DE EXTINCIÓN DO SERVICIO

Son causas de extinción da prestación do S.A.F, as seguintes:

- O incumprimento dos requisitos fixados para a prestación.

- A ocultación de datos económicos, persoais, e socio-familiares, que sexa preciso coñecer para a valoración.

- A desaparición das circunstancias que orixinaron a concesión.

- O pasamento do usuario.

- O traslado a outro municipio e os ingresos en centros residenciais.

- A renuncia do beneficiario.

- A negativa a aboar o prezo do servicio, cando así se establece e o atraso supere tres mensualidades.

- Ausentarse do fogar o usuario, suporá a suspensión temporal ou definitiva, segundo as circunstancias de dita ausencia, e previo informe das traballadoras sociais, excepto naqueles casos nos que tratándose dunha hospitalización se considere necesario mante-los labores de acompañamento persoal.

- A falta de colaboración da persoa ou a familia nas tarefas propostas

- Calquera outras debidamente xustificadas.

No caso de producirse a extinción do servizo, notificárase o usuario.

#### ARTIGO 10º.-APORTACIÓN DOS USUARIOS.

Os usuarios colaborarán, en función das súas posibilidades, podendo ser clasificados en distintos grupos: os exentos de pagamento, os de pagamento porcentual e os de pagamento total.

En todo caso quedarán exentos de pagamento, tal e como se sinala no art. 12, da Orde de 22 de xullo de 1996 da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, reguladora do servizo de axuda no fogar, os usuarios que perciban, como mínimo, unha renda per cápita inferior ó 50% do salario mínimo interprofesional. Entenderase por renda per cápita anual a suma dos ingresos que, por calquera concepto, perciba a unidade familiar dividida polo número de membros que a integran.

Estarán exentos de pagamento de forma excepcional, aquelas altas, que fosen propostas pola responsable técnica do Servizo de Axuda no Fogar, sen solicitude previa do interesado, cando a prestación sexa utilizada como unha medida de control necesaria, cando se advirtan situacións de risco para os membros máis desprotexidos da unidade familiar.

Computaranse como ingresos ou rendas, calquera tipo de bens ou dereitos tanto do traballo como do capital, así como calquera tipo de prestacións.

En relación cos bens mobles e inmobles, terase en conta o seu rendemento efectivo, e se non existise, valoraranse segundo as normas fixadas no Imposto da Renda das persoas físicas, coa excepción da vivenda habitual ocupada polo/a usuario/a.

Para os usuarios de pagamento porcentual e os de pagamento total, estableceranse táboas reguladoras das respectivas aportacións.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

O Pleno da Corporación acordará o establecemento do prezo público pola prestación de servizos, a aqueles solicitantes que superen un determinado nivel de renda, previo dictame favorable das Comisións informativas de Política Social e Promoción do Benestar e de Economía e Facenda.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.

#### **11.- PARTICIPACIÓN CIDADÁ: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, PROPOÑENDO A CREACIÓN DO CONSELLO DA MULLER, COMO ÓRGANO COLEXIADO SECTORIAL.**

Dáse conta de moción do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, proponendo a creación do Consello da Muller, como órgano colexiado sectorial, que di:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Constitución española establece no seu artigo 14 o principio de igualdade e non discriminación por razón de sexo. O

artigo 9.2 establece ademais que corresponde ós poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, e remove-los obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación de tódalas/los cidadás/ans na vida política, económica, cultural e social.

Debido a que no Concello de Pontevedra se carece do consello de Participación da Muller, no ámbito municipal, como organismo específico de participación das mulleres na política de carácter xeral e de maneira específica na elaboración e desenvolvemento de Plans de Igualdade, e outras políticas específicas de igualdade de oportunidades, o Grupo Municipal Socialista propón a creación do Consello de Participación da Muller no Concello de Pontevedra.

Por conseguinte, o Grupo municipal Socialista, en virtude do disposto no artigo 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta esta moción diante do Pleno desta Corporación para que se adopten os seguintes

#### ACORDOS DE RESOLUCIÓN:

1. Creación do Consello da Muller no Concello de Pontevedra, como canle para a participación das asociacións de mulleres de Pontevedra, e como recoñecemento das organizacións de mulleres como axentes de interlocución social.

2. Deberán ser recollidas as seguintes funcións:

a) Velar pola aplicación do principio de igualdade nas actuacións municipais.

b) Participar na elaboración dun Plan Municipal de igualdade de Oportunidades para as mulleres do Concello de Pontevedra e, unha vez aprobado polo Pleno, levar a cabo o seu seguimento.

c) Velar pola execución dos acordos do Plan, e normas de especial incidencia sobre a situación da muller.

d) Velar para que nos plans e programas das diferentes consellerías e Areas municipais, se elaboren os correspondentes informes de impacto de xénero e realiza-lo seu seguimento.

e) Propoñer actuacións para a igualdade de oportunidades das mulleres no municipio e realiza-lo seu seguimento.

f) Promove-lo diálogo e a participación social e política, especialmente das asociacións de mulleres.

g) Denuncia-las condutas de discriminación que se produzan cara ás mulleres.

h) Propoñer ó Concello a adopción de medidas relacionadas cos fins do Consello.

i) Calquera outra función que se puidese encarga e relacionada coa participación das mulleres.

3. O Consello formarase cos representantes dos grupos políticos municipais, representantes de asociacións de mulleres acreditadas no Concello de Pontevedra, das organizacións sindicais e empresariais.

4. O Consello da Muller propondrá ó Pleno as necesidades de medios materiais e persoais para o seu eficaz funcionamento.

Aberto o debate, concédese a palabra a dona María Dolores de Ozámiz Lestón, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, que manifesta que presentaron esta moción porque cren que, tal como dixo antes o seu compañeiro Guillermo Meijón, hai que completa-lo mapa dos consellos sectoriais e é necesario tamén facer o da muller, que é un sector que neste concello non ten ata este momento moitas axudas e non se preocupan moito por el e polo tanto pensaban que era moi necesario crealo, de todas formas cre que o grupo do BNG debían de ter apoiado tamén na Comisión a creación deste consello, porque incluso fixeron unha transacción na moción engadindo unhas observacións que fixera a Concelleira da Muller Salomé Alvarez, pero tampouco así puideron conseguir que a votaran completa, tamén se suprimiu do punto número tres que estiveran no consello diversos membros observadores, porque parece ser que non poderían ir homes e, aínda que non o entendían así, estiveron de acordo a quitalo, tampouco entenden por que o punto número catro non se quería aceptar, porque dicían que implicaba unha asignación presupostaria e calquera moción na que se pide algo implica en certa medida unha asignación presupostaria, pero é o Pleno quen acepta se se fai ou non, entón agradecería que o BNG cambiara o seu voto e apoiara toda a moción completa, que é como se votará, pois non queren que se vote por puntos, pídense uns mínimos e pode aportar calquera, as asociacións de mulleres ou os distintos partidos o que queiran, pois o seu grupo falou con grupos de mulleres, con asociacións e incluso con sindicatos que tamén teñen vocalías da muller e en cambio non se chamou nunca ós sindicatos ás reunións a pesar de ter estas vocalías e cre que eles tamén deben estar na confección do regulamenteo deste consello, que considera que debe de facerse canto antes.

Seguidamente intervén dona Salomé Alvarez Blanco, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a cal manifesta que esta é unha iniciativa coa que globalmente está de acordo e non podería ser doutro modo, pois no seu programa de goberno ten un papel moi importante a participación cidadá e aparecen recollidos como un elemento importantísimo desta participación os consellos sectoriais nos que se englobaría este Consello da Muller no programa específico para a muller; tamén no seu programa de goberno, como moi ben recordaba o outro día nos medios de comunicación o señor Taboada, o BNG levaba a creación deste Consello municipal da muller e nada máis lonxe da súa intención patrimonializar esta idea, pois indubidablemente non é unha idea exclusiva deste grupo de goberno nin desta Concelleira nin tampouco do Partido Socialista, porque o Consello da Muller xa ven funcionando en moitísimas cidades de tódolos signos políticos; neste Concello polo que se refire ó traballo a prol da igualdade de xénero, como moi ben recordaba a propoñente, vaise con moito retraso, pódese dicir que se empeza agora, cando outros concellos levan, oito, dez, doce anos ou máis traballando cara á igualdade de xénero e a igualdade de oportunidades para as mulleres e pensa

que tampouco se pode pretender empeza-la casa polo tellado se se quere realmente que as cousas funcionen de forma seria; nestes meses houbo que adicarse a buscar unha ubicación para a Concellalía de Muller, houbo que dotala de persoal e de orzamento, que nestes momentos estase sen el, debido a que non se aprobaron os orzamentos nos que ía unha partida específica adicada a problemas para as mulleres de 7 millóns de pesetas, que pensa que non é moito se se compara co orzamento doutros concellos pero que sería un primeiro paso para empezar, tivo reunións con colectivos de mulleres e non é certo que non se entrevistara co Sindicato, pois se entrevistou ó principio de tomar posesión cos sindicatos e con asociacións de mulleres nun primeiro contacto, que se está a repetir nestes días e queda unha convocatoria que se fará para a próxima semana coas asociacións de veciños para fomenta-la creación de vocalías da muller nesas asociacións, que lle parece que é fundamental, pois pensa que o Consello é un órgano de participación das mulleres do Concello de Pontevedra, no que deben estar representados os colectivos de mulleres e pensa que un primeiro paso fundamental é potencia-lo asociacionismo feminino que é moi feble neste concello, pois todos saben que hai moi poucas asociacións de mulleres, levan algunhas moi pouco tempo funcionando e teñen pouca implantación neste concello; por outra banda, na Comisión se veu que os outros puntos da moción non estaban ben traballados e pensa que hai que ampliála e estudiala mellor, deixando claro que hai que facer un regulamento de forma seria e traballada entre os membros da Comisión, que despois se presente ás asociacións e colectivos de mulleres do concello para que fagan as súas aportacións antes de ser aprobado por este Pleno, por tanto lle parecía que eses últimos puntos ían un pouco no aire e pensou que sería mellor deixalos para que foran mellor estudiados e se non é posible van aprobala así, pero deixando claro que hai que facer ese regulamento o antes posible e que sexa serio, traballado e vendo as carencias e imprecisións que ten esta moción e por tanto no que queden claros tanto os compoñentes, como as funcións e o funcionamento dese consello, que non aparece recollido nesta moción, pois se realmente se quere un consello que funcione, que non sexa simplemente algo decorativo, pensa que hai que ir nese camiño e o seu compromiso desde o equipo de goberno é impulsalo para que realmente sirva para que as mulleres teñan unha canle de representación, de participación e de expresión e nese esforzo están e volve dicir que queda o seu compromiso de impulsar rapidamente ese regulamento para que este Consello funcione no sentido que todos e todas desexan.

Intervén seguidamente dona María Josefa Manzanares Perela, en representación do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que su grupo por supuesto está de acordo con la creación de este Consejo de la mujer en el Ayuntamiento, como se recoge en el punto primero, sin embargo intentar regular las funciones antes de ponerlo en marcha les parece precipitado, como así lo evidencian las generalidades y las inconcreciones

que aparecen en algunos de los apartados de ese segundo punto, su grupo municipal entiende que es una labor seria y pausada el poner en marcha esta regulación, que tiene que afrontar por supuesto una comisión integrada por los tres grupos municipales en lo que se refiere a estos apartados citados y lo mismo podría decir respecto al punto tres y al cuatro, entonces su línea va por la aceptación total del punto primero, sin embargo aunque no están de acuerdo con los otros puntos su postura va a ser favorable y su voto va a ser también favorable a dicha moción.

Vuelve a intervenir la señora de Ozámiz Lestón, en primer lugar, para dar las gracias al grupo de gobierno y al otro grupo de la oposición por haber aceptado todos los puntos; en segundo lugar, para aclarar que no se trata de un reglamento, pues una de las cosas que ha dicho es que había que elaborar rápidamente un reglamento y no es que existan imprecisiones, es que son mínimos y después espera que haya aportaciones de los demás grupos, de todas las asociaciones de mujeres, sindicatos y de todos en general, no es un reglamento mal hecho, simplemente son mínimos que debe contener el reglamento que en su día se elabore.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar, acorda aprobar a moción nos seus propios termos.

## **12.- SEGUIMIENTO E CONTROL DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAL:**

### **A) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA (ALCALDE E TENENTES DE ALCALDE DELEGADOS DE ÁREA) DENDE O 16 DE NOVEMBRO ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1999.**

O Pleno da Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Alcaldía (Alcalde e Tenentes de Alcalde delegados de área) dende o 16 de novembro ó 31 de decembro de 1999.

### **B) COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA MULLER E EDUCACIÓN, A INICIATIVA PROPIA.**

Comparece dona Salomé Alvarez Blanco, Concelleira Delegada de Muller e Educación, dicindo que o motivo da petición de comparecencia é un tema que ten sido recollido nos medios de comunicación nos que apareceron moitas veces declaracións non axustadas á verdade e á realidade e pensa que a súa misión non é entrar nesa polémica a través dos medios de comunicación senón dar conta ó Pleno da Corporación de cales son realmente os feitos; o tema refírese ó cese do convenio que este concello tiña asinado coa Asociación Voces de Mulleres de Pontevedra para a xestión do centro deste concello, chamado daquela Gabinete de asesoramento das mulleres e brevemente vai relatalos antecedentes, procurando se-lo máis concisa posible e levar unha orde para que non sexa dificultoso seguir estes antecedentes; en febreiro do ano 1997 este concello decide solicitar unha subvención ó Servicio Galego de Igualdade dependente da Consellería de Familia, Muller, Emprego e Xuventude para a prestación dun servicio de asesoramento á muller, aprobado na

Comisión de Goberno e tamén na Comisión informativa correspondente e nesa petición de subvención se incluía que se ía formalizar un convenio cunha asociación de Pontevedra, a Asociación Voces de Mulleres, para que prestara ese servizo, a Xunta de Galicia dá unha subvención que naquel ano foi de 1.700.000 pesetas, porque era 1.500.000 máis 200.000 pesetas que viñeron a posteriori, máis 300.000 pesetas que poñía o Concello e 250.000 pesetas que debería poñela mencionada asociación, pero que foron subvencionadas á súa vez pola Deputación Provincial; con data 1 de outubro do ano 1997 o Concello firma ese convenio con esta asociación, por tanto cunha subvención concedida polo Servicio Galego de Igualdade ó Concello, que á súa vez lla concedía a esta asociación, nesa ía incluída unha partida para material, se xustificaron gastos por 476.000 pesetas nun ordenador, despacho, material de oficina, persoal e unha partida tamén para publicidade e outros gastos nos que se incluía unha asesoría laboral, daquela tamén se estipulaba no convenio que prestarían o seu servizo nun local cedido polo sindicato Comisións Obreiras, de feito se xustifican entre os gastos 354.000 pesetas que se debían aboar a ese sindicato por gastos de limpeza, comunicación, mantemento, etc.; o mencionado convenio nunha das súas cláusulas dicía que era anual rematando o 31 de decembro e que se prorrogaría automaticamente sempre que ningunha das partes denunciara ese convenio con sesenta días de antelación, tamén se di explicitamente que o convenio se firma coa Asociación Voces de Mulleres e que o persoal que preste o servizo non ten relación ningunha nin laboral nin administrativa co Concello, tamén aparece no convenio o persoal de que se dotaría a ese servizo, que se compoñía dunha psicóloga, unha avogada e unha asistente social a tempo parcial de vinte horas semanais; para o ano 98 e 99 o Servicio Galego de Igualdade volve concede-la subvención e neste caso aumentou a 2 millóns de pesetas, máis as 300.000 e 250.000 que había en anos anteriores; en maio do ano 1999 hai unha proposta por parte do entón Alcalde, señor Pedrosa, de modificación dunha cláusula dese convenio, ratificada por unha resolución da Alcaldía na que se di que o servizo pasará a prestarse nas dependencias municipais sitas no Chalet de Fontoira en horario de tarde, porque así era requerido pola Consellería, pero foron un día, non lles gustou o sitio e non voltaron; hai que dicir ademais que o persoal que existe cando se firma ese convenio, que era unha psicóloga, unha avogada e unha traballadora social que repartían o horario, non é o mesmo que aparecía ultimamente e o Concello non sabe cando, nin como, nin por que se cambiou ese persoal, pois no expediente que obra no Concello non figuran eses apartados, a traballadora social desapareceu, cambia a psicóloga e en vez dunha aparecen dúas e aparece unha avogada máis, ou sexa dúas psicólogas e dúas avogadas que se reparten o horario, non quere dicir que se presten máis servizos senón que reparten o horario entre as catro; estas persoas xustifican as súas prestacións con escritos nos que din textualmente: "por servizos

prestados á Asociación, tanto", non aparecen xustificantes nos últimos anos de seguros sociais nin nada diso; ó acceder ó goberno municipal decidiron que o mellor era que este servizo se levara directamente polo Concello por unha serie de razóns, primeiro porque lles parecía que o Concello estaba a perder cartos, pois pódese dicir que estaba a regalar unha subvención, pois non está no Concello o ordenador, mobiliario, etc., por tanto perdeuse ese material que nestes momentos viría ben e hai que comprar outro, por outra parte funcionaba ó marxe da política municipal, pois hoxe no Concello non hai constancia de que estivera funcionando este servizo, non queda nada, salvo o traballo indubidablemente que fixeron, que é un traballo que se valora e que viría moi ben ás persoas que o demandaron, pero se refire ó que é a relación co Concello, pois non era coñecedor do seu funcionamento, se cambiaban horarios sen o Concello saber nada, o traballo que se estaba a realizar se limitaba ó asesoramento das mulleres que o demandaban, pero non aparecía outro tipo de traballo que no convenio aparece recollido que se debería facer, pero non hai constancia dese traballo, non di que non o houbera, é que descoñecese nestes momentos se houbo ese traballo ou non e, por último, pensa que ese centro debería traballar dentro do organigrama da Concellería da Muller facendo, ademais de asesoramento, outra política de prevención e de educación na sociedade, que lle parece que é fundamental, en colaboración con asociacións veciñais, as escolas e outras institucións e deseñando ó mesmo tempo programas e actividades, decisión que tomaron porque é unha decisión política que lle parecía que era mellor, coa que pode estar un de acordo ou non, pero é unha decisión política e lexítima dentro do seu programa de goberno; comunicoullo verbalmente ás responsables da asociación nunha primeira entrevista que tiveron nada máis tomar posesión a finais de xullo, segundo consta no expediente mandouse un escrito á mencionada asociación, do que ten o acuse de recibo, comunicándolle a denuncia do contrato en tempo e forma e nunha conversación posterior co persoal comunicoulle tamén a idea de facelo municipal, por tanto non houbo nin ocultación nin malos modos co persoal porque foi comunicado verbalmente e por escrito, como parecía por declaracións do señor Taboada nos medios de comunicación, que supón que se deberían ó descoñecemento do tema; quere dicir tamén que abandonaron o servizo o 17 de decembro, cando no convenio figuraba ata o 31 e, por último, que as afirmacións que se verteron polas responsables ata aquel momento deste convenio non se axustan á verdade dos feitos e en moitos casos pensa que raian no absurdo, de todas formas o expediente está a disposición de quen queira velo e tamén hai moito persoal deste Concello que poden testemuñalo que acaba de dicir; polo que respecta á continuidade do servizo, non se interrompiu, pois a partir do día 3 de xaneiro, xa que o 1 e o 2 non foron hábiles, funcionou o Centro de información e asesoramento da muller deste Concello con persoal especializado e cun horario máis amplo de atención que o que viñan desenvolvendo



ata estes momentos, estase a traballar ademais neses aspectos que dixo antes cara á sociedade, aspectos de prevención e de educación que lle parece que son fundamentais se realmente se quere que a igualdade legal que existe nestes momentos se equipare coa igualdade real na sociedade e pensa que o funcionamento deste novo centro de información vai redundar en beneficio das mulleres de Pontevedra, de toda a sociedade de Pontevedra e da sociedade en xeral.

Seguidamente intervén don Roberto Taboada Rivadulla, portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, por una alusión de la señora Alvarez, para decirle que sus declaraciones iban fundamentalmente en el talante y en el tono de como se hizo toda esa operación por parte de su Concejalía, en todo caso este tema se contestará por su compañera Concejala señora Ozámiz.

Intervén doña María Dolores de Ozámiz Lestón, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que efectivamente lle pareceran moi malos modos, porque é verdade que o contrato denunciárase xa a finais de xuño, pero de todas formas non se pode ir o día 15 a dicir o venres tendes que deixa-lo local porque o luns seguinte xa hai alguén contratado; por outra parte contratouse sen facer un concurso público nin unha oferta xenérica, fíxose un contrato menor, que evidentemente pode facelo a Alcaldía, non cabe a menor dúbida diso, pero politicamente, non legalmente, non parece moi correcto seguir contratando a dedo; unha das cousas que se dicía era que non había tempo para facelo e desde o 27 de xuño ata o 19 de decembro pasaron uns cantos meses para poder facer unha oferta xenérica ó INEM, por outra parte ó Concello custáballe antes o servizo 300.000 pesetas, que era a subvención que daba o Concello, o outro era subvención da Xunta de Galicia que eran 2.000.000 de pesetas e despois outras 300.000 que daba a Deputación, sen embargo soamente con estes dous contratos que se fixeron, o de unha avogada e unha psicóloga, xa pasa a custar 3.200.000 pesetas que vai paga-lo Concello, mentres que as dúas avogadas que había antes cobraban cada unha ó ano 633.600 pesetas, é dicir unhas 57.600 pesetas incluíndo o IVE, e as psicólogas 48.000 pesetas tamén incluíndo os impostos, por tanto parece que encareceuse o servizo moitísimo; por outra parte din que se van a facer moitas máis cousas das que se facían antes, como a realización de políticas preventivas, de educación e sensibilización social, etc., pero segue en realidade un programa presentado xa polos membros do servizo da Asociación Voces de Mulleres hai dous anos á Deputación pedíndolle unha subvención e despois presentado ó Concello e tamén á señora Concelleira, á parte elas non podían facer todo isto que presentaban e pedían máis xente, porque eran catro, pero agora son dous por tanto é moito máis difícil aumenta-lo servizo, porque diminúese o tempo, pois o horario que tiñan era de nove e media a catorce horas e pedirán incluso poder ir algún día pola tarde e dixéronlle que non se podía abri-lo edificio porque iso implicaba ter unha

persoa para abril e era un gasto máis, polo tanto o horario era moito máis amplo que o de agora, que é de once a quince horas e unha sóa tarde de dezaseis a dezaioito horas.

A continuación concédese a palabra ó portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, quien manifiesta que cree que en este asunto hubiese quedado muchísimo mejor la señora Álvarez si simplemente hubiese dicho que era una decisión política, que se había tomado ese acuerdo y punto, pero al haber entrado en excusas no pedidas le da la sensación de que hay más bien una caza de brujas con un cierto revanchismo hacia un sindicato que no es afín al Bloque y tiene que decir, como responsable en los años anteriores de ese convenio firmado con Voces de Mulleres, que a lo largo de esos tres años 97, 98 y 99 este servicio funcionó perfectamente y no tuvieron absolutamente ninguna queja; se había decidido el último año que se prestase en el local municipal precisamente para que se viera que era un servicio municipal y no de un sindicato y tiene que decir que con muy poco dinero se hizo mucho a lo largo de estos años y que evidentemente ahora este nuevo servicio, aparte de las extrañas contrataciones que se hayan hecho en tiempo record, va a tener un coste para el Ayuntamiento evidentemente muy superior al que tenía y duda mucho que tengan en el Ayuntamiento mejor servicio del que hasta ahora se estaba dando, pero las dos cosas se verán después de que haya pasado un año como mínimo, es decir, cuanto cuesta este servicio ahora a los pontevedreses y si realmente mejora; repite que si la señora Alvarez se hubiese limitado a decir que fue una decisión política hubiese sido bastante mejor, porque cree que entró en un terreno farragoso al tratar de buscar excusas no pedidas en este Pleno.

Volve a intervi-la señora Álvarez Blanco, dicíndolle ó señor Pedrosa que dixo ó principio que quería comparecer porque lle parece que non debería saír a polémica ós medios de comunicación, pois esa polémica deuse unilateralmente e por tanto lle parece que había que trae-los datos onde cre que debería traelos, que era informar á Corporación que debe se-la primeira que debe estar informada de se iso é verdade ou non; por outro lado o señor Pedrosa nun lapsus está a falar dun convenio cun sindicato, pero non había convenio ningún con ningún sindicato, era un convenio cunha asociación, por tanto aí hai un lapsus que non sabe a que se debe, porque non hai revanchismo a ningún sindicato, estase a falar dun convenio cunha asociación de mulleres de Pontevedra e, polo que respecto ó custo, contestando ós dous intervintes, dicir que, en primeiro lugar, o Concello tirou con esa subvención, porque non se beneficiou e nestes momentos, volve repetir, hai que volver a comprar mobiliario, ordenador, etc. e en canto a que se preste menos servicio, non é certo, pois estas profesionais van estar de oito da mañá a tres da tarde traballando e se vai atender a dous aspectos, por tanto non se pode contabilizar só o que é asesoramento da xente que chega alí, senón que van traballar na Concellalía da Muller, porque, se o grupo socialista acaba

de facer aquí unha proposta de creación dun Consello da Muller, supón que non empezarán a regatear esforzos xa, se millón máis ou millón menos, cando se trata realmente de facer políticas serias e políticas que vaían para que socialmente o tema da igualdade funcione e polo tanto hai que traballar tamén desde a Concellalía con determinados programas e ese persoal vai traballar niso, cousa que non estaba a face-lo anterior persoal, por tanto co mesmo persoal vanse facer dous servicios diferentes do que se facía ata o momento; comprende que os dous grupos da oposición teñan dúbidas, pero pensa que non se pode dubidar da experiencia e profesionalidade deste persoal nada máis chegar, pois só levan quince días, haberá que esperar a que pase un certo tempo para facer avaliacións de se realmente o seu traballo vai a ser mellor ou non; polo que respecta ó que di a señora Ozámiz sobre que se lle dixo dez días antes, ten unha información soamente dunha parte e cando a atopou na porta do Concello o día anterior ás declaracións do señor Taboada e díxolle que tiñan que falar pero que tiña presa, doulle o seu teléfono e non a chamou e o normal sería que ademais de demandar información dunha parte preguntara á outra, se non co que está a dicir demostra que non cre o que di esta Concelleira e sen embargo cre unilateralmente ó outro lado, pero está no seu dereito a cre-lo que queira, aínda que lle parece que desde un punto de vista serio cando se fan afirmacións dese tipo se debería coñecer previamente as dúas partes e despois se pode opinar-lo que se queira, por tanto a señora Ozámiz, despois de oíla relatar aquí como foi, está dicindo que non é verdade o que acaba de dicir porque insiste en que só llo dixo o día 15 e iso non é verdade, acaba de facer un relatorio de feitos que en tres ocasións e comunícouse por escrito dous meses antes; polo que se refire ó tema da contratación, era a única posibilidade nestes momentos para que o centro o día 3 de xaneiro estivera funcionando, pero non vai ser unha situación permanente, fíxose esta contratación para poñer en funcionamento este centro e a Concellalía e despois cando haxa un orzamento e esas prazas se podan contemplar nun cadro de persoal municipal, que non se pode neste momento, será o momento de ver que persoal se necesita e que persoal se contrata, pero era imposible nestes momentos e non se pode ter o servicio pechado, por tanto foi unha medida de urxencia, unha medida perfectamente legal pola que se opto en función da urxencia e da necesidade deste servicio; en canto ó de contrato a dedo, é mellor non falar deste tema, porque este convenio tamén foi a dedo, estase contratando a un persoal neste momento para facer un servicio que lles parece fundamental e xa se sacará no seu momento; polo que respecta a que ó Concello lle vai saír máis caro, vaise pedi-la subvención ó Servicio Galego de Igualdade, por tanto se terán eses cartos e, volve repetir, que pensa que as mulleres de Pontevedra merecen un orzamento, aínda que custe un millón ou dous millóns máis, se o servicio vai ser moitísimo mellor e desde logo niso están empeñados e nese camiño van e dentro duns meses ou dun ano poderán avaliar

se realmente estes cartos foron ben investidos ou non; en canto ó programa, se se presentou na Deputación non saben del, porque neste Concello non hai constancia de nada diso e o seu programa non está coñecido neste momento, por tanto é imposible dicir se está copiado ou non; polo que respecta ó horario, é máis amplo, porque as catro mulleres que había no anterior servicio non estaban todo o día as catro, había unha que estaba unha hora, outra que estaba dúas horas, por tanto non se pode dicir que antes había catro de nove e media a dúas, porque non era así, por tanto se non coñecen o funcionamento poden ver como está no expediente e cales son os horarios que tiña este persoal.

De novo concédese a palabra á señora Ozámiz Lestón, quien manifesta que es posible que no oyeran lo que la señora Álvarez tenía que decir sobre este particular, pero a lo mejor si lo hubiera llevado a una Comisión lo hubieramos oído y no lo hizo, pero es su elección; en cuanto a que no hubo otra posibilidad de un contrato mejor porque eran seis meses, cuando empieza una nueva Corporación en un Concello puede cambiar el programa de personal y solamente necesita el acuerdo de los demás, lo dice la ley, o sea que no había problema para poder crear una plaza y además incluso ha habido otras plazas, como la del Gabinete de Normalización Lingüística, en la que se hizo una oferta genérica al INEM, ¿por qué aquí no?, luego no es la razón para contratar; en cuanto a que va a haber más horario, no es verdad, porque son dos personas y no diga que la abogada va a estar toda la mañana allí, porque no puede ser, pues si tiene que acudir al Juzgado, y tendrá que hacerlo, no va a estar allí, por lo tanto hay menos personal menos horas, es imposible por tanto cubrir más trabajo; en cuanto a que son personas especialistas, no se lo cree, pues aunque no conoce a la señora psicóloga, si conoce a la señora abogada, que es una buena abogada y no tiene nada que decir contra ella, pero nunca se ha dedicado a cuestiones de malos tratos a mujeres y sabe de ese tema lo mismo que pueda saber cualquier otro abogado de los que se dedican a otros asuntos, que no son especialistas en malos tratos, en cambio las dos personas que estaban si lo eran, hay una diferencia en ese sentido y podían hacer un mejor trabajo; por otra parte tampoco se contempla una moción que presentó el grupo socialista hace meses en la que pedía un procurador y eso si que hubiera dado muchas más posibilidades de trabajar y de hacerlo mejor, pero no se ha contemplado este nombramiento en todo este sistema y sin embargo si una abogada y una psicóloga, con lo que no se ha mejorado en absoluto; en cuanto al trabajo que realizaron, presentaron por Registro una memoria de la actuación del año pasado el día 21 de enero, por lo tanto si había constancia de lo que hacían; en cuanto a que no se ven los expedientes, es una cuestión lógica, una abogada no puede enseñárselos a nadie porque es confidencial y lo mismo un psicólogo, pero la existencia de los expedientes está allí y la existencia del número de gente que acudió al servicio, que se puede controlar por un registro y no cree que le

impidieran nunca el controlar ese servicio, lo que no le permiten a nadie es ver los expedientes, porque si lo hicieran estarían cometiendo una ilegalidad, por lo tanto no entiende que no se haya podido controlar, de todas maneras espera que efectivamente mejore el servicio y dentro de unos meses se verá si la memoria que realiza el servicio es mejor o peor que la realizada hasta ahora.

Intervén novamente o señor Pedrosa Fernández simplemente para decir que no tuvo ningún lapsus cuando mencionó a Voces de Mulleres, pues evidentemente sabe que no es un sindicato, pero lo relacionó con un sindicato a posta precisamente para demostrar que aquí hay revanchismo; dice la señora Álvarez que no se va a regatear el dinero y evidentemente no hay que regatearlo, pero tampoco hay que tirarlo alegremente, por tanto ya se verá si aquí se tira o no se tira y si valió la pena o no, el tiempo lo dirá; en cuanto a que se tiró el dinero de la subvención anterior en el ordenador, supone que si le reclama a Voces de Mulleres el ordenador porque consideran que es municipal seguro que se lo dan, de todas formas considera que el dinero fue bien invertido, porque el servicio del Gabinete de asesoramiento a la Mujer funcionó perfectamente y es motivo más que suficiente para decir que ese dinero fue bien empleado.

**C) COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE MEDIO AMBIENTE, A PETICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE.**

Comparece dona María Carmen da Silva Méndez, Concelleira Delegada de Medio Ambiente, dicindo que, en primeiro lugar, quere agradece-la posibilidade de que se poida falar publicamente do magnífico traballo feito polos técnicos municipais e polos técnicos que traballan na asistencia técnica desenvolvida, como xa se sabe, pola empresa Lagares Enxeñería; os traballos realizados por esa asistencia técnica nos últimos meses centráronse no asesoramento en aspectos concretos e puntuais de hixiene urbana, en cuestións sobre planificación futura da recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos, na elaboración da ordenanza de protección do medio ambiente contra a contaminación acústica, así como outras cuestións que pasa a detallar brevemente porque son moitas; o resultado dos traballos pódese ver en que, despois de manter distintas reunións, o 6 de agosto mantívose unha reunión de traballo entre os técnicos da empresa e a Concellería de Medio Ambiente para planificación e posta en marcha dunha campaña de limpeza, observándose a necesidade de que no Concello de Pontevedra se puxese en marcha unha campaña de limpeza que abarcase a totalidade do concello en aspectos sobre mobiliario urbano, limpeza de rúas e outras cuestións como pode ser limpeza de fachadas, etc., esta campaña púxose en marcha no verán con moi bos resultados e neste momento estase a estender á totalidade das parroquias do rural e dos barrios con actuacións en desbrozado de camiños, limpeza de espacios públicos como poden ser áreas recreativas e fontes, lavadoiros, campos de festa, etc., en colabo-

ración cos Consellos parroquiais, así mesmo empezouse a esten-  
de-la colocación de papeleiras e outros elementos por todo o  
concello nunha totalidade dunhas 850, que é un aspecto funda-  
mental para incidi-la necesidade de coidado do contorno por  
parte da cidadanía; proseguindo cos traballos realizados por  
esta empresa, o 13 de agosto de 1999 houbo outra reunión coa  
Concelleira de medio ambiente para trata-lo tema, neste caso,  
da hixiene urbana e ve-la necesidade de prorroga-lo bando de  
ornato dados os resultados e que se estaba a ver que había de-  
manda da necesidade de facer elementos como a limpeza de fa-  
chadas, etc., o bando de ornato prorrogouse obtendo uns mara-  
billosos resultados, xa que houbo 117 solicitudes e se observa  
en toda a cidade que incrementa o número de fachadas que se  
limpan e outras actuacións de hixiene urbana; proseguiron os  
traballos desta empresa e o 20 de agosto mantívose unha  
reunión para trata-lo tema da recollida dos residuos no centro  
histórico, pois unha vez peatonalizado e mellorada substan-  
cialmente a limpeza, pola facilidade con que se realizan os  
traballos ó non haber vehículos estacionados, preséntase a ne-  
cesidade de ver como se fai a recollida dos residuos sólidos  
urbanos no centro histórico da cidade e é necesario, en  
primeiro lugar, facer un traballo detallado das actividades e  
de que tipo de persoas e en que situación viven dentro do cen-  
tro histórico para poder acomete-la solución que máis adecuada  
sexa para o caso de Pontevedra, pois normalmente non se pode  
traslada-lo método dun sitio para o doutro, se non que hai que  
coñecer exactamente a realidade na que se vai implanta-lo mé-  
todo para que sexa eficaz; posteriormente existe outra reunión  
de traballo o 24 de agosto, para empeza-los traballos de ela-  
boración da ordenanza de protección do medio ambiente contra a  
contaminación acústica, traballos que son moi exhaustivos xa  
que é unha ordenanza que ten consideracións técnicas complexas  
e dunha elaboración moi complicada, esta ordenanza xa se apro-  
bou inicialmente, como de todos é sabido, polo Pleno do Conce-  
llo e agradece a unanimidade nun asunto tan importante como  
este, e neste momento está a exposición pública ata o 7 de fe-  
breiro e agarda que pronto estea aprobada definitivamente para  
contar cun instrumento tan importante para mellora-la calidade  
de vida de toda a cidadanía de Pontevedra; seguindo cos traba-  
llos que se realizaron por esta asistencia técnica durante es-  
tes meses, empezouse a elaborar dende o 24 ata o 16 de setem-  
bro un estudio exhaustivo da oferta de Enxeñería Urbana, así  
como do prego de condicións do contrato, o 16 de setembro nun-  
ha reunión coa Concellería de Medio Ambiente fíxose unha in-  
formación sobre en que consistía a oferta, cales eran as obri-  
gas que ten que cumpri-la empresa e a forma de planifica-la  
posta en marcha do servizo para o seu funcionamento máis ade-  
cuado; así mesmo e seguindo cos traballos, o 21 de setembro  
houbo unha reunión entre técnicos desta empresa, a Concelleira  
de Medio Ambiente e o señor Interventor, a raíz das facturas  
presentadas por Sogama no Concello de Pontevedra; o 15 de se-  
tembro, por parte da Intervención do Concello, elaborouse un

informe no que se poñía en dúbida a validez das facturas presentadas por Sogama, xa que non se correspondían coas que se presentaron con anterioridade, pois dende abril Sogama cambiou de forma unilateral o contido destas facturas e por parte da Intervención do Concello se consideraba que non se lle podía dar conformidade, na súa obriga de defende-los intereses municipais; solicitábase por parte de Intervención que técnicos especializados na materia realizasen un informe sobre distintas cuestións relacionadas coa presentación destas facturas, por tanto pode dicir que o Concello non ten débeda con Sogama, senón que a partir de marzo hai desconformidade coas facturas que presenta Sogama e a facturación non se pode admitir; a desconformidade con estas facturas céntrase en varias cuestións, a primeira, como xa pon de manifesto o informe do señor Interventor, está no asunto do IVE, pois o contrato asinado entre o Concello de Pontevedra e Sogama establece que o IVE xa está incluído no canon, pero de forma unilateral a partir do mes de marzo Sogama quere factura-lo IVE á parte e, tanto por parte da Intervención do Concello como por parte do informe que realizaron os técnicos da empresa Lagares, se pon de manifesto que non se pode factura-lo IVE e en diversas reunións nas que tivo contactos co señor Luis Mingo acabou por recoñecer que o Concello ten razón e que o IVE non se lle pode aplicar á parte do canon; ademais diso hai outras cuestións que se poñen de manifesto en relación coa facturación que pretende presentar Sogama, como é o incumprimento do obxecto do contrato, pois tanto nel como na adenda que se firmou posteriormente con data 31 de marzo, pero que os servicios do Concello tiveron coñecemento con posterioridade, se afirma que ten que cumprir unha serie de cuestións que aparecen redactadas, como é o proceso concreto que teñen que leva-los residuos sólidos urbanos do Concello de Pontevedra nas instalacións de Sogama, pero unha parte importante deste servicio non se presta, o que significa que por parte de Sogama hai un incumprimento nas prestacións que ten que desenvolver, isto significa que do canon de 4.500 pesetas que figura na adenda do 31 de marzo hai que reduci-la parte correspondente ós servicios que Sogama non presta; así mesmo aplican de forma unilateral unha fórmula de revisión que non aparece reflectida en ningún dos documentos asinados entre Sogama e o Concello de Pontevedra, fórmula de revisión que penaliza co IPC e que tamén hai unha penalización en función dos custos da enerxía, pero con respecto a este tema Sogama non pode penalizar pola baixada dos prezos da enerxía, entre outras cousas porque non está a facer produción de enerxía eléctrica; así mesmo, despois dun estudio exhaustivo, os técnicos da Asesoría de medio ambiente demostraron que existen convenios asinados entre Sogama e outros Concellos nos que non se penaliza por estas cuestións, como pode se-lo asinado con Vigo ou coa Illa de Arousa; ademais a fórmula de revisión que establece Sogama non aparece reflectida en documento ningún, só aparece na adenda do contrato que se revisará en función da fórmula polinómica que se establece no

parágrafo anterior e no parágrafo anterior non hai fórmula polinómica ningunha, polo tanto para revisa-los prezos o primeiro que haberá que facer é establecer entre o Concello e Sogama cal é o mecanismo de revisións de prezos, que non aparece reflectido en ningún dos documentos subscritos entre o Concello e Sogama; con respecto da enerxía, dicir que Sogama utiliza na facturación que presenta unha táboa na que se fala dos prezos da enerxía promedios, pero Sogama non ten que aplicar iso, senón que tería que aplica-las tarifas por obter enerxía pola cesión provinte de instalacións de produción en réxime especial, ou sexa producen enerxía por método de coxeneración, polo tanto terían que aplicar esa tarifa e non a que aplican, nen sequera aplican a correcta, aínda no caso de que a puidesen aplicar, tendo en conta que ademais é inadmisíbel que a apliquen cando non a están a producir; en conclusión e con respecto a este tema das facturas de Sogama, a facturación do IVE é improcedente tal como reflecte este informe e o informe de Intervención; existe un evidente incumprimento por parte de Sogama do obxecto do contrato, ó non levar a cabo o tratamento e a valorización, polo tanto hai que reduci-lo canon de 4.500 pesetas ó que realmente corresponde en función do servizo que prestan, que sería de 3.242 pesetas; a fórmula de revisión de prezos no documento contractual subscrito polo Concello de Pontevedra con Sogama non se establece e Sogama pretende aplicar unha de forma unilateral e ademais, para a aplicación dos índices de variación de prezos do custo da enerxía, na fórmula de revisión de prezos é imprescindible que Sogama xenere enerxía eléctrica, en caso contrario sería absurdo e inxustificable; como conclusión, a modificación de tarifas que pretende ter Sogama é arbitraria, infundada e de forma unilateral e non se pode consentir, significaría unha discrepancia entre os informes técnicos, tanto de Intervención como da Asesoría, e a facturación que presenta Sogama duns 50 millóns de pesetas e é a súa obriga defende-los intereses municipais; supón que a preocupación de todos por este tema vai na mesma liña, que é a de defende-los intereses municipais e conseguir que non pretendan que se pague máis do que corresponde; así mesmo e seguindo cos traballos realizados pola empresa nos últimos meses, concertouse unha reunión o 22 de setembro para a posta en marcha do servizo a que asistiron o Enxeñeiro municipal, responsables da empresa Enxeñería Urbana e a Concelleira de Medio Ambiente, nesta reunión houbo un intercambio de opinións entre os responsables da empresa e os técnicos municipais sobre a forma de planifica-la posta en marcha do servizo e aqueles aspectos nos que era necesario incidir e como se ía planificar esta posta en marcha; en primeiro lugar, falouse da necesidade de potencia-la recollida selectiva de aqueles materiais que son efectivamente reciclables, como o cartón e o vidro, e que corresponden ó 27% da materia que se deposita nas bolsas dos residuos sólidos urbanos, a posta en marcha vai polo tanto a significar que con respecto ás previsións iniciais se vai incrementar-lo número de depósitos de papel e vidro por todo o



Concello, xa que, como xa dixo, esta é fracción de lixo que neste momento é efectivamente reciclable; así mesmo nesta reunión e despois de que se coñecese, por datos aparecidos na prensa o 19 de setembro, os resultados do plan piloto de recollida selectiva, púxose de manifesto unha vez máis o fracaso que significou a posta en marcha deste plan piloto, xa que os datos son realmente preocupantes; os envases lixeiros supoñen exclusivamente o 13% da materia que contén a bolsa de residuos sólidos urbanos, para este 13% estáanse a duplicar na rúa os depósitos; a materia orgánica supón sen embargo o 55% dos compoñentes do lixo, optar por este sistema de depósitos para envases lixeiros imposibilita recupera-la maior fracción de residuos que é efectivamente reciclable, como é a materia orgánica; así mesmo, tal como se detalla nos resultados do plan piloto que proporcionou a Consellería de Medio Ambiente, o índice de captura de envases lixeiros foi do 20%, isto significa que nin sequera se acada a porcentaxe mínima do 25% que a lei de envases esixe para este ano, polo tanto despois destes resultados desastrosos nos que o plan piloto conseguiu que se recicle, por dicilo dalgunha forma, porque todos saben que a reciclaxe dos plásticos é complexa e practicamente non se fai en sitio ningún e dos sete tipos de plástico que hai a inmensa maioría vai ir á incineración, pois conseguiu separar para reciclar o 0,026% da bolsa do lixo, fronte ó 55% que suporía ter un sistema de contenerización baseado por un lado en materia orgánica e por outro lado o resto; isto é o que fai que se cuestione a viabilidade, os obxectivos e os criterios cos que se fixo este plan piloto e co que se pretende face-la recollida selectiva en Galicia por parte de Sogama; seguindo co traballo realizado por esta asistencia técnica, o 5 de outubro hai unha reunión de traballo para ultima-la ordenanza de protección contra a contaminación acústica que, como xa dixo, xa está pronta neste momento a súa aprobación definitiva; posteriormente o 15 de outubro teñen unha reunión de traballo para establece-las prioridades para o próximo Pomal 2000-2005, os técnicos desta empresa teñen unha experiencia moi detallada en xestión e en elaboración de programas relacionados con Pomal e outros fondos europeos, neste momento están a estudar e poñéndose en contacto con técnicos de Pomal e outros fondos, como poden ser Programa Laif, Interreg, etc., para a elaboración de propostas e priorización de necesidades de cara ós próximos programas europeos e, para continuar, dicir que neste momento están tamén a elaborar e traballar sobre a necesidade de tratamento de entullos neste Concello e a necesidade da implantación dun método de recollida selectiva adecuado, supón que tamén a preocupación pola recollida selectiva e polo plan piloto relacionase co apoio que se dará a unha planta de compostaxe, que é a única forma efectiva de recicla-la maior parte da materia que se encontra na bolsa do lixo, que é o 55% e que é efectivamente reciclable e sobre a necesidade de establecer un sistema de inspección ambiental en todo o Concello e sobre outras cuestións, como pode se-la ultimación do método

de recollida que se vai elaborar no centro histórico; como conclusión, dicir que o traballo realizado por esta asistencia durante os últimos meses fai pensar na necesidade de suspendela, porque cos traballos que fixeron xa está de sobra cumprido o custo que ía ter esta asistencia para un ano e renova-la posteriormente para que reciban uns ingresos moito máis dignos, porque o traballo que están a facer desde logo o merece.

A continuación intervén don Luciano Santiago Esperón, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que non quixera que este tema, que de por si é farragoso e trata de asuntos que de remexelos moito levantan vapores, se convertera nun tema farragoso, o motivo de solicita-la comparecencia era por saber que dicía a empresa coa que este Concello contratou unha asistencia técnica e polo relatorio da señora Concelleira Delegada da área sabe que a empresa se reuniu con ela, pero non ten coñecemento de informe ningún, porque os informes se evacúan vía Comisións municipais e teñen valor se chegan ás súas mans e os coñece, se non é así téñenlle valor para a señora Concelleira, que evidentemente está a realizar un traballo exhaustivo e ten unha serie de tarefas que vai acumulando, pero iso é o que segue sen ver, pois agora se dá un informe oral por parte da Concelleira, pero non ten coñecemento da evacuación de informe ningún pola empresa que o Concello ten contratada para iso; por outra parte, cando se queiran enterar de algo xa saben a técnica que é solicitar unha comparecencia, porque un día antes sae na prensa todo un relatorio de actividades que se van facer e cre que ese non é un método adecuado, pero ó mellor é un método que hai que explotar con continuidade para saber todo o que se está a facer; sobre a opinión de que método é o mellor ou o peor para tratarlo lixo, cre que é unha cuestión esencialmente técnica e, váise explicar, a lei da gravidade non é opinable, é unha lei física que se cumpre inexorablemente, calquera obxecto que se solta no aire cae, hai outro tipo de materias que entran no campo da opinión e son materias políticas e a opción de que método se vai escoller para tratar ou non tratar a longo prazo ou a medio prazo o lixo no Concello de Pontevedra é unha opción política, o método técnico é outra cousa distinta, que suxeitarase a informes máis ou menos amplos, pero se segue sen resolver que se vai facer mañá co lixo, pois se di que o plan Sogama é inútil e non serve para nada, pero haberá que buscar un mecanismo para mañá, por un sinxelo motivos, sacar residuos orgánicos da bolsa do lixo e facer unha selección en orixe é un traballo que váise facer nas casas e recoller basura orgánica para que o compos despois non se teña que queimar ou non se teña que tirar vai levar anos de entrenamento e non se sabe que se vai facer mentres tanto e se hai un conflito con Sogama en canto a facturas, cun informe de Intervención, haberá que negociar se se lle paga ou non se lle paga, se se denuncia o convenio ou non, pero buscando unha alternativa, o que non lle parece razoable é dicir o que fai Sogama non nos gusta pero ímoslle leva-lo lixo a Cerceda, ¿a quen se le leva, a Soga-

ma ou se lle vende ó concello de Cerceda para que llo coloque a Sogama? ou ¿vaise a seguir vía Rivadumia para que o leve para alí?, iso son cousas sobre as que haberá que decidir, terá que se sentar con moita tranquilidade a Corporación e decidir paseniño e con calma, porque non vaia ser que a planta de compostaxe de Marcón resulte que a Comunidade de Montes sae na prensa dicindo para Marcón nada, entón son cousas e temas serios que se deben tratar con calma e con tranquilidade; non vai nega-lo traballo e a ocupación de tempo que está a leva-la Concelleira responsable da área, que sabe que está a facer un traballo amplo nesta materia, pero lle gustaría que quede claro que os informes teñen valor para a Corporación cando son do seu coñecemento, pois cando os coñece o equipo de goberno lle servirán ou non ó equipo de goberno, pero para que lle sirvan á Corporación teñen que estar a disposición dela os informes e se non recorda mal ía haber un informe trimestral por parte da compañía coa que se ten establecido o convenio, por tanto do que están a falar é de que se evacue ese informe e sexa coñecido por tódolos membros da Corporación; sobre o que di a señora Concelleira delegada que haberá que suspende-lo convenio coa empresa que asesora en materia medio ambiental para podelo aumentar, pensa que se a empresa considera que o que lle están a pagar por iso non é suficiente pode denuncia-lo convenio e se o Concello entende que lle paga pouco pode aumenta-la contía, pero en todo caso supón que iso funcionará por un concurso público e entón se verá e sairán todos por concurso público, porque as cousas deben ser claras, limpas e transparentes para todos.

Seguidamente concédese a palabra ó portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, el cual dice que, después de escuchar este relatorio de reuniones, porque solamente es lo que ha relatado aquí la Concejala, sale con la sensación de que la asistencia técnica con Lagares está saliendo francamente barata y muy bien, entonces propone que se le renueve a Lagares, S.L. otra vez la asistencia técnica pero que, al mismo tiempo, se anule la dedicación exclusiva de la Concejala, porque considera que es un gasto doble, pues si ya lo hace la asistencia técnica para que se quiere que la Concejala tenga dedicación exclusiva, si realmente por lo que se ve no toma ni una sola decisión, sino es lo que le diga la asistencia técnica en esas reuniones.

Volve a intervi-la señora da Silva Méndez, dicindo que evidentemente hai cuestións que son técnicas como o método de tratamento e por iso son os técnicos os que asesoran sobre cal é o máis adecuado, porque uns funcionan e outros non, e que é o que hai que facer para realizar ben estas cuestións, pois as decisións políticas son levalo adiante e as decisións técnicas asesorar sobre cal é o mellor método, que segundo os informes de técnicos especializados nesta materia é que para reciclar realmente hai que recicla-la materia orgánica e estes infomes, ó igual que o informe sobre as facturas e o Convenio con Sogama, están no expediente que figura en Contratación, non é algo

que estea inventando, así como o informe trimestral sobre asistencia e tódolos informes feitos por esta asesoría están nos expedientes; en canto o que dixo o señor Santiago Esperón, claro que lle vai supoñer un esforzo á cidadanía a recollida selectiva, porque sen colaboración cidadá non hai método ningún de tratamento de residuos que funcione; con respecto ás facturas xa dixo que tivo varias conversas co señor Luis Mingo para falar deste tema e recoñeceu que cometeran un erro e que non se pode aplica-lo IVE á parte e recentemente terán unha reunión para negocia-la fórmula de revisión do contrato que non se pode aplicar por parte de Sogama de forma unilateral.

**D) COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE PERSOAL, A PETICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE.**

Comparece don Raimundo González Carballo, Concelleiro Delegado da área de Persoal, dicindo que, en primeiro lugar, quixera manifesta-lo seu agradecemento ó portavoz do Partido Socialista pola súa solicitude de comparecencia, así como amarlle a súa máis sincera felicitación pola súa preocupación polos asuntos referentes ó personal deste Concello, dado que estas cuestións sempre foron consideradas moi farragosas por parte de bastantes compañeiros de Corporación, por tanto no fondo cre que é unha alegría; con relación ó apartado a) da súa solicitude, no que di: "Previsiones del equipo de gobierno municipal para el mantenimiento o modificación del organigrama/proyecto organizativo aprobado por el Pleno de la Corporación el 25-3-99 de implantación con efectos de 1º de junio de 1999", entende que pretende referirse á reforma administrativa aprobada polo Pleno do Concello o 29 de abril de 1999 e que significou a aprobación do proxecto organizativo da administración municipal que hoxe está en vigor, por tanto non se está a referir a un organigrama senón á estrutura organizativa deste Concello e para contestarlle a esta solicitude permítanlle, aínda que poida resultar un pouco longo, le-las intervencións dos diferentes portavoces nos referidos Plenos de aprobación deste proxecto organizativo e empeza, porque así ven na acta, co representante do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, e di: "En canto á reforma administrativa presentada polo equipo de goberno, as súas características básicas son as seguintes: agresión á área económica de Intervención ata desmantelala para crear un híbrido do cal as consecuencias se pagarán máis adiante, descofianza nos Servicios Técnicos municipais por incapacidade para dirixilos creando a figura do Xefe de Área Técnica como se coa creación desta figura se articulara unha maior operatividade e así mesmo se realizan pequenos cambios que levan sobre todo a un dos servicios a engrosar máis o seu traballo e o resto deixa as cousas practicamente como están, creando Xefaturas de Sección, Servicio, Negociado, etc., estas Xefaturas deben responder a criterios racionais, a obxectivos concretos da organización e non a un reparto que ás veces non se entende moi bien por que razón se crea unha Xefatura de Sección no seu caso ou en outros casos

unha Xefatura de Servicio, pois aínda que indiscutiblemente unha administración ten que ter Xefes de Servicio que deben estar ben articulados e Xefes de Sección tamén ben articulados, se observa que pode haber en moitos casos un Xefe de Servicio, ningún Xefe de Sección ó seu lado e dous Auxiliares, existe unha última característica que silencia para non ferir susceptibilidades pero que responde ó dito de a río revolto ganancia de pescadores; neste sistema organizativo que presentan síguese mantendo e se consagra a lentitude de tramitación de expedientes, a falta de dar resposta rápida a problemas que diariamente xurden, etc.", fala despois dunha das seccións concretas e dí que non significa nada para o grupo de goberno daquel momento a área de transportes, sanidade, abastos, industria e turismo e despois chega a dicir que incluso nalgúns servicios hai xefes e non hai tropa; polo que atinxe naquel mesmo Pleno ó representante do Bloque Nacionalista Galego di que "o seu grupo non avala o proxecto organizativo que se trae porque entende que non cumpre cos principios de racionalización, economía e eficiencia que son principios que deben guiar o funcionamento dun concello que teña como fin fundamental o servicio ós cidadáns, ou sexa o servicio público e considera que é unha organización administrativa á medida do actual grupo de goberno do Partido Popular naquel Pleno, non existe unha racionalización dos cadros de persoal, hai servicios que non teñen ningún xénero de coordinación con outros, etc."; e, por último, o representante do Partido Popular naquel Pleno, dicía que "está de acordo en que esta refoma é á medida do que sente e necesita o equipo de goberno, pois está claro que está a gobernar e fai a reforma ó que necesita e ó que sinte, aínda que por suposto a próxima Corporación, estean os que estean, teñan o privilexio, porque así llo recoñeceron os votantes, de cambialo que estimen oportuno"; así mesmo, o señor Taboada coñece perfectamente o documento que lle foi facilitado do cadro de persoal e a relación de postos de traballo que o grupo de goberno presentou para o ano 2000 e que implicaba, entre outros aspectos, os seguintes: creación do Servicio de Promoción Económica e de Emprego, algo tan demandado no referido Pleno por ambos representantes do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, servicio que é necesario para poñerlos medios de cara á promoción económica, creación de emprego, turismo, etc. e que non existe na actual estrutura organizativa, creación dunha oficina de inspección, materia de inspección urbanística, inspección tributaria e inspección medio ambiental, etc., que viña contemplado tamén nese cadro de persoal tan denostado, creación dun servicio de información tributaria necesario para a información ó cidadán, posta en marcha do servicio de atención ó cidadán, restablecemento do Matadoiro como servicio do Concello a diferenza do anterior grupo de goberno que pretendía privatizalo e por tanto escapaba da estrutura organizativa do Concello, dotación de conserxes naqueles centros nos que non existen, racionalización dos Servicios de Urbanismo e Medio Ambiente e as Ofici-

nas Técnicas, etc., e todo isto se propoñía sen que implicara incremento ningún no cadro de persoal, se non inspirados unicamente nunha optimización dos recursos tratando de acadar unha maior eficacia, á hora da prestación dos servizos, do actual cadro de persoal e por tanto consecuentemente sen incremento ningún de gasto en materia de persoal para o Concello; agarda que compartan os principios de racionalización, economía, eficiencia e mellora da atención ó cidadán que son en definitiva os criterios que deben de guiar a actuación política nesta materia, en consecuencia agarda que reconsideren a súa oposición á modificación da actual estrutura organizativa do Concello; en segundo lugar, fan referencia á problemática da xestión e inspección tributaria, ó respecto disto entenda que fan esta solicitude coa mellor intención do mundo e para mellora-los servizos, non cabería entendelo doutra maneira, sen embargo nos nove anos que leva de Concelleiro é a primeira vez que cuestións de índole interno, de funcionamento dunha sección ou cousas destas, se traen a Pleno, sempre se lle deixou actuar ó Concelleiro responsable da área nesta materia e nunca se meteron en se un garda estaba ubicado nun sitio ou noutro, senón que máis ou menos se lle deixou e en todo caso se falaba de cuestións políticas, pero se é pola súa preocupación do tema, como agarda que entren no grupo de goberno, lles brinda esta área coa súa mellor intención de que lles repercuta amplos frutos políticos, entende ademais que esta cuestión, tal como a presentan, está a deixar mal parado ó servizo e mal parados ós funcionarios do servizo, entón parece ser que hai uns problemas neste servizo que veñen derivados da falla de planificación cando se abordou a contratación dos novos programas aplicativos en diferentes servizos do Concello á empresa TAO, isto xa foi adxudicado na anterior Corporación sen que ningún dos grupos tiveran nada que obxectar en canto á informatización, non evidentemente en canto á planificación e a propia empresa suscita toda unha serie de problemas, non xa o propio servizo senón a propia empresa, de instalación, de depuración de datos, de carga, de filtrado, de posta en marcha, de formación de persoal, etc., problemas que evidentemente coa posta en marcha dese novo programa non só afectaron a este servizo senón a máis e que segue a haber nalgúns casos certas disfuncións e a propia empresa nun dos seus informes di que, se ben por exemplo as ordenanzas foron introducidas coa nova aplicación e creados os programas informáticos que realizan o cálculo das bases impositivas correspondentes, non se puido continuar a instalación debido á falta de medios técnicos, pois hai ordenadores persoais con 8 ou 16 MB de RAM, e de persoal, neste momento a maioría dos problemas están solucionados e espera o seu aplauso por esta cuestión; evidentemente a instalación de programas xenerou unha serie de retrasos nos diferentes padróns e implicou un cambio na organización de traballo neste servizo, pero quere recordarlles que, por exemplo, no tema IBI, tema IAE, os resultados en período voluntario do cobro do imposto de bens inmobles de natureza urbana

acadou o 88,97%, é dicir, que fronte ó ano pasado houbo una porcentaxe de incremento na recadación do 14,07 sen que se modificara a ordenanza, pese a eses grandes problemas e á desorganización que ten este Concelleiro, por tanto que bo é o servizo que se incrementou como consecuencia do padrón a recadación, o imposto de actividades económicas posto ó cobro no seu día, etc., e se o informe que manexan e filtran é do 20 de outubro pois evidentemente o tempo pasa, o IAE por exemplo acadou un incremento do 16,46%, quere dicir que se pasou de 264 millóns de recadación en voluntaria no 98 a 308 millóns no 99, co cal quere dicir que o padrón se depurou e se fixo mellor e saíu ó cobro mellor, etc., colaboraron as entidades xestoras e resulta que o nivel de recadación increiblemente é mellor, a taxa do lixo no rural igual e neste momento a única cuestión é que antes se traballaba simultaneamente nos padróns e agora se van abordando primeiro uns e despois outros e neste momento se está a depurar absolutamente todo o do imposto de vehículos de tracción mecánica e se vai poñer a exposición pública o padrón, por tanto agradece tamén a súa preocupación por este segundo aspecto, pero os alegra dicíndolles que está solucionada esta cuestión.

Intervén a continuación don Luciano Santiago Esperón, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicíndolle ó señor González Carballo que se onte lle fixera caso non andaba dicindo cousas que ó mellor non teñen moito sentido, como que isto é un ataque, unha persecución ou algo deste tipo, porque sempre lle tivo moito respecto ós Ministros de Interior, non só polo poder que ostentaban e iso que con algúns levouse moi mal, senón pola dificultade da tarefa que tiñan que realizar e respecta moitísimo a alguén que teña valor para meterse nun mundo difícil como é a organización administrativa e ten que felicitalo, claro que por un motivo que o señor González Carballo non cre, porque o leva sen merma da súa saúde e xa é bastante para os tempos que corren, porque outra persoa ó mellor estaba atacada dos nervios cos conflitos que poden xurdir e que sabe que xurden e que se monta un barullo por calquera tontería e chámalle tontería a onde está ubicada ou non unha mesa ou o tipo de lámpada ou de carpetas que se utilizan, pois as tonterías poden chegar a ese nivel, por tanto felicítalo sinceramente porque non está atacado dos nervios; a comparecencia non é un sistema espurio de ataque ó Concelleiro responsable, senón para que informe e diga o que está a facer ou sobre o que se lle pregunta, porque se quixeran utilizar un sistema ladino ou subrepticio de ataque utilizarían outro e non o fixeron, teñen moita paciencia e a están tendo porque parte da resposta danlla na prensa intentando frena-la explicación que podía dar hoxe no Pleno, pero noutro dos recortes que ten intervén o señor Alcalde, que é unha figura e pertence a un organo institucional, botándolle leña ó lume pola cuestión de creación ou non dunha oficina de asesoramento, cando se falaba da oficina de rehabilitación do casco vello, quere dicir que non lle bo-

tan leña ó lume, ás veces soplan, pero moitas veces ata soplan mal, non van a polas persoas, e quen queira entender que entenda; sobre a oficina de recadación, claro que lles preocupa un informe que se emite por un servizo municipal, que pode afectar á liquidez do Concello, isto é ás pesetas que o Concello manexa, pero non só iso, senón que a forma de estar organizado repercute na cidadanía, porque é o tempo en que o cidadán vai percibi-lo diñeiro que ás veces ingresou demais e ten que pagar cando ingresou de menos, iso pode repercutir moi directamente na cidadanía e interésalle a tódolos cidadáns e cren que é un problema fundamentalmente de organización e de articulación, e cre que o tema do que se lle pode chama-la reforma administrativa ou da adecuación funcional dos servizos é un tema no que se debe mete-la Corporación, non só o equipo de goberno, a responsabilidade é de vintecinco, non é de dez nin de quince, porque a administración municipal cando non estea aquí esta Corporación seguirá funcionando nun sentido ou noutro, pero haberá un entramado social que organiza e lle dá virtualidade ás decisións políticas e é algo que lles transcende e por iso é algo que hai que organizar con moito sentido e con moita cabeza e deixalo ben, porque o que non pode ser é que un cidadán perda unha maña, outra e outra para papeis que ás veces é só cuestión de coordinación de funcionalidade e de axilizar e busca-los mecanismos de axilización; está a falar simplemente desas cousas e, cando lle preguntaba se había algunha previsión, é porque no fondo o que cre é que aínda que non estean aprobados os presupostos, que si están porque están prorrogados os anteriores, co que teñen aí vinte prazas funcionariais a maiores só sería transformalas, porque son os presupostos con que se está a traballar e poderían estruturalos funcionalmente, porque se dixo antes que hai servizos xa novos, hai instrumentos operativos municipais que se están a articular e podían utilizalos, se trata diso simplemente e a solicitude que lle faría desde aquí e que se poñan todos a traballar en serio cun estudio previo que xa hai feito por unha consultoria.

Seguidamente intervién ó portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, para decirle al señor González Carballo que no todo lo malo es culpa del P.P. ni todo lo bueno es gracias al Bloque, porque en principio parece que las cosas no funcionan porque la planificación hecha por el Partido Popular fue mala, pero a la hora de recaudar, cuando la recaudación es francamente buena, parece que no es debida a la planificación hecha anteriormente, por tanto quiere decirle que si la recaudación de este año fue buena es que la planificación anterior del Partido Popular fue muy buena.

De novo intervén o señor González Carballo, dicíndolle ó señor Santiago Esperón que non lle ofende co simil en tono amable que fixo ó comparalo cos señores Corcuera e Barrionuevo, aínda que é responsable de Réxime Interior pero non entendido como Ministerio do Interior; sinceramente non se sinte



ofendido pola solicitude de comparecencia, entende que queren saber como vai o organigrama e lle di como estaba previsto aínda que non o compartan, o grupo de goberno leva unha proposta para os orzamentos e é o que hai, non hai nada máis que iso; en canto á outra cuestión, se fixo o relatorio é porque realmente en calquera posta en marcha dunhas novas aplicacións informáticas non é un problema baladí, senón que leva o seu tempo e crea moitísimas dificultades, pero é que incluso tamén seguen xeneradas en contabilidade e leva moito tempo a posta en marcha, pero o que non é normal, por exemplo, é que se poña un programa informático e resulta que os ordenadores que hai non soportan ese programa e que en outubro haxa que aborda-la compra duns ordenadores, entón quérese dicir que se foi arranxando e neste momento xa o está maioritariamente, salvo flecos que seguen aparecendo mentras non estean depurados todos, pois veñen datos doutras administracións, etc., e cada día se xenerará un problema, pero evidentemente isos se solucionan no traballo do día a día.

#### **E) MOCIÓN S URXENTES.**

#### **1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O PROXECTO DE SANEAMENTO INTEGRAL DAS PARROQUIAS RURAIS DO MUNICIPIO.**

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día para debate e votación da moción urxente presentada polo grupo municipal do Partido Popular sobre o proxecto de saneamento integral das 15 parroquias rurais do municipio, que di:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

1.- O Goberno do Partido Popular no Concello de Pontevedra durante o mandato correspondente ó quadrienio 1995-1999 considerou como un dos proxectos prioritarios o Saneamento Integral das 15 parroquias rurais do Municipio, para mellora-la calidade de vida dos cidadáns, evita-la contaminación dos pozos e levar a cabo unha actuación respectuosa e conservacionista do noso contorno natural.

2.- Consciente da complexidade e magnitude da obra, tanto pola súa necesidade investidora como polo trazado, o Goberno do Partido Popular decidiu entón levar a cabo unha primeira fase coa instalación dos colectores primarios, como arteria principal, de tódalas parroquias, na que investiu máis de 2.000 millóns de pesetas, cofinanciados entre a UE, a través dos programas comunitarios Pomar e Interreg, e os propios fondos municipais.

3.- Hoxe, ademais deses colectores primarios na práctica totalidade das parroquias, a excepción de Bora, encóntrase instalada parte da rede secundaria nalgunhas parroquias, financiados cos remanentes das baixas producidas nas adxudicacións dos colectores primarios, con novos fondos obtidos do programa Interreg ou con cargo ás melloras que debía acometerla empresa adxudicataria do servizo de abastecemento de augas e saneamento, Aquagest.

4.- Sen embargo, desde a chegada do BNG ó goberno municipal non se produciu o máis mínimo avance na execución deste macroproxecto medioambiental que continúa a ser prioritario tanto para os veciños das parroquias, como para o Grupo Municipal do Partido Popular.

5.- O abandono do goberno do BNG chega ó extremo de non ter comezado as obras do colector primario en Bora, cando adxudicouse pola anterior Corporación. Esta actitude xunto a outras demoras que se están a producir na execución de obras cofinanciadas pola UE levará á perda de decenas de millóns de pesetas ó non cumpri-los prazos establecidos pola Unión Europea.

6.- Ademais, estendido o rumor de que o Goberno do BNG opta polas fosas sépticas para resolve-lo problema das augas fecais no Rural, é momento de que o Alcalde aclare á Corporación e ós miles de cidadáns residentes nas parroquias, cal é a súa postura. Se a súa política baséase na volta ós pozos de xurro coa contaminación das augas que iso entraña ou, polo contrario, pretende continuar co proxecto medioambiental iniciado polo Goberno do PP, que contempla a canalización das augas residuais a través da rede de sumidoiros ata a estación depuradora de Placeres, sistema que sen dúbida ningunha é máis respectuoso co contorno e o medio ambiente natural.

Por todo o exposto, e ante esta situación de deixamento e parálise do Proxecto de Saneamento Integral das 15 parroquias que conforman o Rural de Pontevedra por parte do Goberno municipal do BNG, o Pleno do Concello acorda aproba-la seguinte

#### MOCIÓN DE URXENCIA:

1.- O Alcalde comprométese a axiliza-la execución das obras que contan con asignación presupostaria, como é o caso do colector primario de Alba, ou o de Bora, xa adxudicado.

2.- O Goberno Municipal comprométese a axiliza-los trámites administrativos necesarios para que as estacións de bombeo da Zona escolar da Xunqueira e do Burgo, que contan con asignación presupostaria con cargo a Aquagest, sexan executadas á maior brevidade posible, co fin de que a rede de sumidoiros do rural comece a funcionar.

3.- O Alcalde encargará ós servizos técnicos a redacción dos proxectos para a dotación das redes secundarias e as acometidas individuais pendentes.

4.- O Goberno Municipal comprométese a busca-lo financiamento necesario para concluí-lo proxecto de Saneamento Integral das Parroquias do Rural, acudindo a outras administracións (provincial, Autonómica, Central e Europea) e a incluír unha partida presupostaria non inferior a 200 millóns de pesetas para o presente exercicio, co fin de atende-la parte correspondente a posibles subvencións que se reciban, de maneira que os nosos veciños poidan disfrutar canto antes deste servizo básico que, sen dúbida, contribuirá a mellora-la súa calidade de vida.

Aberto o debate, toma a palabra o señor Alcalde para dicirlle sen acritude ningunha ós Concelleiros do Partido Popu-

lar que poden presentar por vía ordinaria as mocións que se traerán a Pleno para discutilas e ás Comisións correspondentes sen que sexa necesaria esta vía de urxencia, porque obviamente cando se utilizou esta vía foi porque non pasaba iso anteriormente.

A continuación intervén, en representación do grupo municipal do Partido Popular, don José Benito Suárez Costa, dicindo que lamenta mucho tener que traer aquí esta moción, porque creyó que el alcantarillado era una obra de interés para todos los grupos políticos, igual que para todos los ciudadanos del municipio y prueba de ello es que en las obras hasta ahora hechas ha colaborado gente de todo tipo sin distinción política, que han aportado su colaboración en negociaciones para paso de tuberías, etc., pasando seguidamente a dar lectura a la moción.

Seguidamente intervén don Guillermo Meijón Couselo, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que non vai entrar na parte de exposición de motivos da moción do grupo popular, porque vai practicamente toda referida ó BNG e se imaxina que o señor Mosquera quererá dar renda solta e ademais empeza pedíndolle ó Bloque que desbloquee o proxecto de saneamento e é moi difícil, pero vaise centrar na parte concreta ou conceptual da moción na que están a dicir de axiliza-la execución dunhas obras que se imaxina que todo o mundo quere axilizar, axilizar trámites administrativos que todos queren axilizar e logo ven o tema da rede de sumidoiros do rural, o grupo socialista quere ser escrupulosamente rigoroso con todas aquelas mocións que, como a que propón o Partido Popular, afectan ós orzamentos municipais do ano 2000 e xa ten informado nas múltiples reunións que tiveron lugar cos veciños, sindicatos, empresarios, etc., que nos seus presupostos tiñan 100 millóns de pesetas para a rede de sumidoiros do rural, co obxecto de que servira para completa-la parte do Concello se viñan fondos alleos, fundamentalmente europeos, partida que se podería ampliar cunha modificación se a cantidade fora maior, pero tamén como partida inicial para que, caso de non chegar fondos alleos nin europeos, por parte do Concello se chegara a un compromiso de que alomenos unha parroquia por ano quedaría realizada en canto á rede de sumidoiros, fundamentalmente da parte que falta que é a secundaria, xa que outra forma sería facer demagogia, xa que estase falando de custos cercanos a 4.000 millóns de pesetas; o seu grupo, como ben é sabido, ten aberta a disposición do Bloque unha oferta firme sobre os orzamentos do ano 2000, en especial os capítulos 2, 4 e 6 de gastos, para o día en que en concreto ó señor Fernández Lores lle pete perdoarlles o suposto delito cometido por telo feito Alcalde; nesta situación o grupo socialista considera necesario e urxente unha negociación co BNG dos orzamentos do 2000, pero en toda a súa extensión, xa que non entenderían unha cadea de aprobacións de partidas parciais, pois os orzamentos do Concello son un todo, un documento único no que unhas partidas teñen incidencia sobre outras a

modo de vasos comunicantes, ante esta perspectiva dunha negociación co BNG, que non dubida que se realizara na súa integridade, non tería sentido nin tan sequera posicionarse en mocións que, como esta, inflúen nos mesmos, o cal constitúe un aviso incluso para partidas que se poidan querer propoñer en próximos Plenos, agora ben, pode asegurar que nas súas negociacións co BNG defenderán os conceptos relatados de forma firme, isto é, unha partida de 100 millóns ou cifra similar como reserva ante posibles subvencións e o fan así porque de non contemplar unha partida importante poderíase afectar grandemente o endebedamento municipal, que cunha partida forte en principio, aínda que tiveran logo que incrementala, non sería tan grande a diferenza, cun compromiso do Concello de que se non chegan créditos foráneos se poida asumir alomenos unha parroquia, agora ben, pode que o pertinaz erro do señor Miguel Fernández Lores leve ó Concello a unha paralización de asuntos que houbera que acometer con urxencia e se isto fora así o grupo socialista estaría disposto a atender aqueles conceptos e partidas que afectaran ós orzamentos, por exemplo no próximo Pleno, pero unicamente e sempre e cando contara coa unanimidade de toda a Corporación, de tal forma que se ante esta moción, sobre todo a nivel conceptual, o BNG pensara por exemplo que sería posible estimala, aínda que fora en parte, entón reservarían un voto positivo, se non é así e se acorda unha negociación conxunta dos presupostos co BNG terían que votar negativamente ante esta proposta.

Concédesse a palabra a continuación a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que parece que unha moción presentada por urxencia da lugar por parte dos compañeiros do PSOE a un posicionamento que practicamente vai arreglarla ONU, en vez de centrarse no que di a moción; pero indo á moción, que é o que interesa, na exposición de motivos ten tres partes onde di que o PP é moi bo e outras tres que di que malo é o BNG, evidentemente lle parece que as cousas non son así e á parte recolle erros de bulto; efectivamente nestes momentos non hai en marcha proxecto novo ningún de adxudicación porque, como saben e o recoñecen na moción, acabou no programa Pomal e Interreg o período de vixencia para adxudicar o ano pasado e polo tanto se abrirá de novo e se solicitará; en canto á parte resolutiva, que cre que é interesante porque practicamente se recolle todo, hai que ser un pouquiño máis serios, porque no punto un di que o Alcalde comprométese a axiliza-la execución das obras que contan con asignación presupostaria como é o caso do colector primario de Alba ou de Bora xa adxudicado, e o colector de Bora replanteose en agosto e se está a traballar nel, parece mentira que non o saiban, as obras estanse a facer e poden verse, pero o problema é que ven o Ministro a decirlles que só se fan declaracións e non miran se se están a face-las obras ou non, simplemente lle fan caso ó que di, que é lóxico que o diga porque ven en campaña electoral e non coñece a realidade de Pontevedra, non coñece que

se están a facer moitísimas obras; con respecto ó colector primario de Alba, ía a conta de fondos de Aquagest e foi o anterior grupo de goberno quen os parou en decembro de 1998 para mandalos ó Pomal a ver se os subvencionaban, pero xa está farto tódolos días de ver como que se contradín, que aquí digan que o Pleno de decembro é ilegal non convocalo e na Deputación non o convoquen, que hai poucos puntos no Pleno porque figuran doce e na Deputación tiñan tres, pero o que xa resulta espectacular é que se contradigan entre vostedes mesmos, co que fixeron antes e o que fan agora; con respecto ó segundo punto no que di que o goberno municipal comprométese a axiliza-los trámites administrativos necesarios para que a estación de bombeo da zona escolar da Xunqueira do Burgo, que conta con asignación, sexan executadas á maior brevidade posible, etc., saben que iso estaba parado e que en agosto se levou a Pleno, esta maquinaria municipal non se parou nin en agosto nin en xullo, estivo a traballar, supón que saberán que saleu a exposición pública o 20 de decembro de 1999, pero que non depende do Concello que depende de Costas, que se estivo chamando tódalas semanas para ver se o axilizaban, agora ten que ir a Madrid e estase tódolos días intentando mobilizalo, tanto que máis que xestores lles van chamar pesados, supón que saberán todo iso e tamén supón que saberán que este goberno municipal e a empresa que se encarga de face-la obra, practicamente tódalas semanas cando menos fan algún recado con respecto a iso; en canto ó terceiro punto que di que o Alcalde encargará ós servicios técnicos a redacción dos proxectos para a dotación das redes secundarias e as acometidas individuais pendentes, é que xa se encargaron, por tanto pregunten e documéntense, que é todo público, fixéronse e non hai unha semana nin dúas, está todo previsto, vai saír o Pomal e non quixeron escoitar, pois cando foron por exemplo a Castellón se preocuparon do coche oficial e non se preocuparon de escoitar o que lle explicaron do que falaram cos técnicos, que tamén foron a Madrid outra vez, como antes dixo a Concelleira de Medio Ambiente, que estiveron con Lagares falando a ver que se metía no Pomal, estase a tramitar e os proxectos van a metelos, por tanto pregunten que todo aquí é público; o cuarto punto di que o goberno municipal comprométese a buscar forma de financiamento, niso estase e espera que a semana que ven ou a seguinte poida ir a Madrid e espero que non teña outro alboroto por iso, porque lles piden que vaian e despois non vaia ser que lles monten o lio; tamén di este punto cuarto que se compromete a incluír una partida presupostaria non inferior a 200 millóns de pesetas para o presente exercicio e saben perfectamente que en medio ambiente ían bastantes cartos, pero están absolutamente dispostos a asumir esta cantidade de 200 millóns e máis, depende dos fondos que veñan, se non é toda para os secundarios pois será para outras cousas pero sempre de saneamentos, por exemplo no convenio de Mourente houbo que arranxa-la galería en Buenos Aires e se meteu tamén dentro diso, é dicir que pode suceder, pois como saben están por exemplo os vertidos á ría que igual

se fai saneamento en lugares moi pequenos do rural e lle contesta á súa crítica que fixo antes da fosa séptica, pois pode saír nun prezo absolutamente disparatado conecta-la rede de sumidoiros cando hai catro casas moi dispersas e se cadra é unha boa solución facer unha fosa séptica común ou algo dese tipo, é unha cousa que se pode contemplar e hai concellos incluso cerca que o fan, agora xa están feitos os primarios e non ten dúbida ningunha que hai que seguir por aí, pero o que está claro é que hai que priorizar e se cadra os vertidos que van á ría e que están a contamina-lo río dunha maneira brutal haberá que meterlle carto e agarda que con isto despois non voten en contra, porque se propoñen que vaian 200 ou 300 millóns para saneamento da ría e máis do rural e despois din que votan en contra xa sería o delirio, pero todo iso e máis cousas poden ver; de tódalas maneiras, a pesar de ter erros de bulto como dicir que se axilicen as obras do colector de Bora cando xa están, ou de Alba que as parou o anterior grupo de goberno, etc., a pesar de todo iso, hay unha cousa que tamén lles interesa e cre que é bo para esta Corporación, pois esta moción, a pesar da mala uva e dos sesgos que pon, supón un certo cambio de talante, pois ata agora nunca se escoitara nesta Corporación desde o 3 de xullo proposta ningunha que non fora absolutamente discursiva, corrosiva ou obstructiva por parte do PP, esta non é que aporte moito pero vese un cambio de talante e cre que se debe premiar a ver se cambian nesa liña e empezan a propoñer que se fagan cousas nas que poden discrepar ou non, por tanto aínda que non aporten moito vanlle votar a favor, pois hai que premiar esa liña a ver se seguen por aí e empezan a facer propostas algo constructivas, pois é a primeira que non é absolutamente obstructiva e se agradece.

De novo intervén o señor Meijón Couselo, dicindo que se o BNG vai votar favorablemente a esta moción, o grupo socialista tamén votará a favor.

Vólve a concedérselle a palabra ó señor Suarez Costa, o cal manifesta que non pensou que esta moción molestase tanto, nin que isto tivese que enfurecer a alguén ou poñelo de mal humor, porque a verdade é que non ve nada anormal neste tema, simplemente se pide que se continúe un tema que é fundamental desde un punto de vista medio ambiental e agora vai repeti-lo que non leu antes, no sentido de que incluso afiliados do BNG colaboraron no seu día na boa disposición para que realmente crucen fincas, etc., o que non sabía era que realmente os seus afiliados estaban a favor e o grupo de goberno non estaba moi polo labor de levar adiante este tema e vai dici-lo por que, agora mesmo hai diñeiro no Concello, están aí nas arcas municipais arredor de 353 millóns máis remanentes que quedan, que probablemente se perderan por prazos, pero hai remanentes pendentes, iso está aí e se non investiguen, pois el antes de falar deste tema e durante catro anos que estivo aquí, dentro da súa humildade tratou de facelo o mellor posible cando lle tocou tratar co tema do saneamento, que é un tema moi complexo e así o expoñen na moción e o din moi claro sen tratar de dar

clases a ninguén, o din con humildade, como hai que dicilo, cando durante estes catro anos loitaron con este tema saben que é unha obra moi custosa e moi difícil e a proba é que na moción din que se pidan fondos de tódalas institucións e incluso onte declaraba na prensa que estaban por colaborar en este tema, o que si non estaban dispostos, polo menos desde ó lado que lle e baixo a competencia que teñen, que pouca é salvo a de critica-lo asunto ou aportar se o grupo de goberno están disposto a que colaboremos con eles, é a que haxa proxectos por valor de 713 millóns feitos, que non se fixera nada ó día de hoxe, que haxa diñeiro por valor de 353 millóns e que non se fixera nada despois de seis meses e que aínda por riba se lle diga aquí que non sabe o que pasa en Bora, cando estivo a semana pasada, estivo antonte no Salgueiral, no Teso, en Villar, vendo se había algunha obra da rede de sumidoiros feita, efectivamente hai unha pila de tubos no lado de san Andrés, que veñen desde a Corporación anterior, iso pódello dicir porque o coñece perfectamente e se non hai veciños que dan fe do tema o que pasa é que hai que ir ós sitios e estar coa xente da zona, outra cousa é que ó señor Mosquera o informaran, non poño en dúbida nada, o que lle pode dicir son os puntos onde foi e como estaba a rede de sumidoiros de Bora ó día de hoxe despois de sete ou oito meses de adxudicado sen que haxa problema ningún para que esa obra se acometa; por outro lado no tema que dicía o seños Meijón dos 100 millóns que aportarían, está de acordo e a proposta que fai é moi sinxela e non sabe porque o señor Mosquera se ten que sentir ofendido porque presenten esta moción, o que pode dicir é que lle agradece que estean dispostos a colaborar neste tema que, volve repetir, é unha obra de interese para todos e que non debera de haber aquí ningunha distinción de tipo político nin nos grupos nin nos cidadáns, porque realmente beneficia a toda a xente e incluso pode facer atractivo que parte da xente que hoxe en día vive nos pisos na cidade poida desplazarse a vivir ás parroquias se teñen os servizos; a este respecto o único que lle quere dicir ó señor Meijón é que agradece a súa exposición, o único é que non poden facer nada para que se sumen e se poida levar a cabo iso, pero o que lle pide é que de verdade se entendan co grupo de goberno, pois aínda que gobernan eles, polo menos na maioría das cousas teñen o seu apoio, entón a este respecto o que si quero dicir é que non se politice este tema que é un interese do municipio na súa totalidade, por tanto hai que deixarse de facer exposicións, demagoxias, de dicir cantidade de cousas que ó mellor non proceden e que todos colaboren e se termine esta obra, polo menos que sexa como dí o señor Meijón parroquia por parroquia, porque non lle irán dicir que nun investimento de 1.000 millóns de pesetas que ten o Concello non se poden destiñar 200 ou 300 para acabar ou acometer unha parroquia, porque os veciños tamén colaboran, en Salcedo os veciños aportaron arredor de 50.000 pesetas para as conexións, claro que por suposto é unha obra de moito traballo, que hai que colaborar, negociar con eles, patear moito e

dedicarlle moitas horas, pero o grupo de goberno nese aspecto non ten problema, porque están sete con dedicación exclusiva, no anterior grupo de goberno estaban dous e investíronse 2.000 e pico de millóns na rede de sumidoiros das quince parroquias, que quedaron comezadas a excepción de Bora, entón a cousa está moi clariña e o saneamento hoxe en día estase a acometer en tódolos concellos, é unha obra que mellora o medio ambiente e que hai que facela por enriba de todo, gústelle ou non lles guste, os tubos por debaixo da terra probablemente non dean os votos que dan certas cousas que se fan por enriba, pero hai que facelo e para iso cre que teñen que estar unidos e que todos tiren para adiante.

De novo intervén o señor Mosquera Lorenzo, dicíndolle ó señor Suarez Costa que cometer erros nunha moción é un feito que demostra a súa bisonñez e a súa falta de traballo na oposición, pois lle dixo tódolos erros que cometeran e non puido contestar a ningún porque evidentemente non se pode contestar, pero non van discutir aquí que se os veciños de Salcedo puxeron 50.000 pesetas pero tamén que a metade deles non se queren enganchar, co cal a obra se complica moitísimo, nin van discutir que hai sitios en que hai que cambia-lo trazado, cre que recoñeceron que é unha cousa complexa e non van entrar aquí nun relatorio de datos a ver que sabe máis ou quen sabe menos, pois en todo caso o día a día disto o leva a Concelleira do servizo que anda tódolos días practicamente mirando tubos polo rural; o que lle resultou moi preocupante e agarda que sexa radicalmente falso, porque se non a súa responsabilidade sería enorme, é que digan tan alegremente a final de xaneiro que hai 353 millóns de remanente que se van perder, co que dan a entender que o sabían en novembro ou decembro e que estiveron xogando a ver se se perdían para agora dicilo, o que sería gravísimo, porque a información que teñen é que non existen 353 millóns nin nada que se lle pareza, se cadra pode ser que se perda 1 ou 2 de remanentes por axustes presupostarios, agora se hai unha cantidade destas e non o advertiron a responsabilidade sería enorme pola súa parte, pero agarda que non exista realmente, pois a información que ten dos técnicos é que non existe.

Novamente intervén o señor Suárez Costa, manifestando que o que dixo antes foi que hai 353 millóns máis uns remanentes que probablemente se perderon, pero os 353 millóns están aí para obras que ten Aquagest para melloras con respecto ós investimentos, e sinte que ó señor Mosquera lle doía esta situación, pero é así, non hai nada que ocultar, está a falar o que está aí, non hai máis voltas que darlle nin que facer máis demagogia nin nada de nada, é unha cousa real que están aí os datos, que os tera o señor Mosquera se se preocupou, aínda que lle parece que non os ten moi certos.

Volve a concedérselle a palabra ó señor Meijón Couselo, o cal manifesta que non quería que confundira o señor Suárez Costa a concreción da moción co método, pois o grupo socialista como método de resolve-los orzamentos do 2000 non lle sir-



ve, pero si como excepción, polo tanto nunha partida como esta en que por un lado existe unha coincidencia programática e por outro lado existe unha coincidencia na súa proposta dos orzamentos do ano 2000, porque é inexcusable e indiscutible a súa defensa de que hai que realiza-la rede de sumidoiros do rural, pero, repite, unha cousa é isto e outra cousa sería o método se isto se realizara para o resto de partidas.

Finalmente toma a palabra o señor Alcalde simplemente facer unha matización e dicir que pode quedarse perfectamente tranquilo o grupo do Partido Popular que esta Alcaldía esta interesada e utilizará tódalas súas enerxías posibles para que non se perda un peso nin dos fondos da Unión Europea e que vaise levar adiante o tema do saneamento integral con criterios racionais, porque parece que daba a impresión de que non o queren facer e estase a facer desde a ampliación da depuradora co señor Cuiña, ata axilizando tódolos colectores que están pendentes, bombeos da xunqueira con tódalas tramitacións que tiveron que ter, no rural, etc., polo tanto simplemente e sen que sirva de precedente dicir que se pode quedar tranquilo nese sentido.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aproba-la moción nos seus propios termos.

## **2.- MOCIÓN URGENTE DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PP, BNG E PS DE G-PSOE REFERENTE Á CONEXIÓN DE PONTEVEDRA COA AUTOVÍA A-52.**

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día para debate e votación da moción urxente presentada polos grupos municipais do Partido Popular, Bloque Nacionalista Galego e Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, referente á conexión de Pontevedra coa autovía A-52, que di:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

1. A existencia de vías de alta capacidade que dean resposta acada ás cada vez maiores densidades dos fluxos circulatorios son un elemento clave, fundamental, para o desenvolvemento económico. Na actualidade, Pontevedra, que carece de conexión directa coa autovía da meseta e a de Portugal, está a quedar marxinada, cando menos no que se refire a distancias e tipos de acceso, destas vías decisivas para a potenciación económica tanto da nosa comarca como da do Salnés o do Morrazo.

2. As alternativas coas que conta Pontevedra para a conexión con estas vías de alta capacidade non son, en absoluto, as máis adecuadas. Por unha banda, a estrada Pontevedra-O Porriño é unha vía interurbana saturada de tráfico, que non cumpre coas esixencias mínimas necesarias e, pola outra, a conexión por autoestrada, ademais de supor unha clara marxinación ao obrigarnos ao pago da peaxe, non ten conexión directa coa autovía Vigo-O Porriño.

3. Recentemente foi presentado polo Presidente do Goberno do Estado e polo Conselleiro de Política Territorial, un Plano de Infraestructuras, que contempla os investimentos previstos polo Goberno Central en materia de infraestructuras ata o ano

2009. Este Plano non contempla a conexión directa coa A-52 e a autovía de Portugal, a pesar de ser esta conexión unha obra imprescindible para o desenvolvemento económico das comarcas de Pontevedra, O Salnés e O Morrazo.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Pontevedra acorda esixir do Goberno do Estado a inclusión no Plano de Infraestructuras dunha conexión directa de Pontevedra coa autovía da meseta, que teña en conta a conexión con Portugal e a saturación actual da estrada N-550, e que, dada a súa vital importancia para o noso desenvolvemento económico, conte con data de execución o máis curta posible.

Aberto o debate toma a palabra o señor Alcalde dicindo que esta moción urxente se consensou na xunta de portavoces e dado o avanzado da hora vai tratar de resumir moi brevemente, xa é coñecida por tódolos grupos a importancia que ten que Pontevedra quede conectada coa autovía A-52 da meseta, que esa conexión é necesaria e imprescindible para o desenvolvemento económico futuro da comarca de Pontevedra, tamén das do Morrazo e do Salnés, que neste momento as alternativas existentes para a conexión de Pontevedra e estas comarcas que acaba de falar coa Meseta son inaxeitadas, que se segue a pagar peaxe na ponte de Rande e que recentemente por parte do Presidente do Goberno e do propio Conselleiro de Política Territorial se deu a coñecer un plano directorio de infraestructuras que non contempla a conexión de Pontevedra directa coa autovía A-52, que ademais o plano ten unhas previsións, nalgúns momentos se fala do 2007 e noutros do 2009, que isto obviamente é preocupante para o futuro desta comarca, que nese sentido como Alcalde confirmou no Ministerio de Fomento que efectivamente non se contemplaba esa conexión, tivo conversas con tódolos Alcaldes de arredor, dos concellos de Poio, Soutomaior, Vilaboa, Marín, tamén co do Salnés e todos están de acordo en que hai que reivindicar esa conexión porque é necesaria para o futuro do desenvolvemento económico desta comarca e desta cidade e polo tanto someten a votación esta moción.

Seguidamente intervén o portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialista de Galicia-PSOE, don Roberto Taboada Rivadulla, dicindo que efectivamente esto es una moción conjunta de los tres grupos políticos que conforman esta Corporación, que fue acordada en la junta de portavoces y que viene a sumarse a una ristra importante de iniciativas que se han presentado en esta Corporación en distintos y sucesivos mandatos municipales, bien por iniciativas individuales de grupos o porque ya en otros Plenos se acordaron consensuadamente propuestas de este tipo y viene a ser una iniciativa más, cree que especialmente importante por cuanto en estos momentos efectivamente hay ese plan de infraestructuras, como dice el señor Alcalde, pero además especialmente agravado porque también aparte de que no hay alternativa gratuita con la meseta, la alternativa que existe es especialmente difícil porque parece ser que se va a prorrogar 25 años la concesión de la autopista del Atlántico y 25 años por lo tanto de pago de pea-

jes, por tanto está claro que apoiarlo y a respaldarlo por todo lo que ya dijeron durante mucho tiempo y porque ya es una deuda histórica con esta ciudad.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acordou aproba-la moción nos seus propios termos.

### **3.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA EXPRESANDO A CONDENA DA VIOLENCIA E DO ATENTADO QUE CAUSOU A MORTE DO TENENTE CORONEL ANTONIO BLANCO GARCÍA.**

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda expresa-la súa máis firme condena a todo acto de carácter violento e, en particular, ao atentado que causou a morte en Madrid do Tenente Coronel don Antonio Blanco García, na mañá do 21 de xaneiro do 2000, á vez que comunica a seu pesar e a súa solidariedade á familia da vítima.

O Concello de Pontevedra reafirma que nada xustifica a conculcación do dereito humano máis elemental, o dereito á vida, e fai un chamamento a ETA para que poña fin dunha forma definitiva á súa actividade terrorista, único medio de crear un novo escenario político que permita a pacificación de Euskadi.

#### **F) PREGUNTAS.**

##### **PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DON CELESTINO LORES ROSAL, RELATIVA Á CABALTADA DE REIS.**

Manifesta que, recollendo o sentir de moitos pontevedreses, quixera formular unha pregunta causada pola inquedaanza que lles deixou a derradeira Cabalgata de Reis, pois cando o Concelleiro de Cultura presentou os orzamentos da cabalgata fixo fincapé, e así o sulñaron os medios de comunicación, na rebaixa presupostaria da devandita cabalgata, rabaixa que ascendía, con referencia ó ano 1999 cun presuposto de 5.165.000 de pesetas fronte os 4.547.400 desde ano, a 628.000 pesetas, e tiña as súas dúbidas de que rebaixando o presuposto se puidera mante-la calidade e as tiña porque sabía das dificultades que a Concellería anterior tivera para afronta-la cabalgata do 99, por outra banda considerada un éxito, pero decidiu esperar a ve-lo desenvolvemento da mesma e as dúbidas disipáronse ó contemplala, unha cabalgata, ó seu criterio, pobre, triste, desorganizada e dende logo non digna dunha capital de provincia, en definitiva unha mala cabalgata de terceira, unha cabalgata na que faltaron a Banda da Brilat, a Banda dos rapaces e rapazas do Bois Scouts ou as majoretas, é dicir, aforraron 628.000 pesetas pero despilfarraron 4 millóns, despois do visto é incompreensible que un equipo de goberno, que non dubida en endebedar ó Concello en perto de 1.000 millóns de pesetas, quixera aforrar 628.000 quitándollas á ilusión e alegría dos nenos e nenas, sinte de veras que pretendesen quitarlles as súas ilusións infantís, pero sinte moito máis que pretendan quitarlle a ilusión ós seus fillos e ós seus netos, por tanto a pregunta é ¿pagou a pena aforrar eses cartos?.

Contéstalle don Xosé Luis Bará Torres, Tenente de Alcalde

delegado de Cultura e Festas, dicindo que lle hai que agradecer ó señor Lores Rosal que lle poña un punto de humor a este Pleno, sobre todo pola hora que é, vai ser breve porque cre que xa está todo claro, en todo caso ten que dicir que esa redución de orzamento veu dada pola boa xestión que se fixo, porque, por exemplo, unha parte da redución foi polo aforro que supuxo a cesión dos traxes dos Reis polo grupo de teatro Arume, ó que lle quere agradecer hoxe a súa colaboración, e a outra parte foi pola redución do custo do lanzamento de foguetes, porque había unha serie de queixas de veciños do casco vello que mediante documentación presentada no Concello reclamaban que se suspendese porque afectaba ós tellados e á súa integridade, en todo caso é unha cuestión que se pode discutir se hai que poñelo ou non, o que si lle pode asegurar é que a pesar de certas críticas das que hoxe o señor Lores se fai portavoz, moi puntuais por certo e dirixidas nunha clara dirección, non ten constancia de queixa ningunha, lamentación ou protesta dos nenos, que eran realmente os verdadeiros destinatarios e protagonistas da cabalgata, pensa que foi unha cabalgata digna e que foi ademáis un dignísimo colofón a un brillantísimo y amplísimo programa de Nadal que chegou a todas partes, con actividades constantes durante vinte días en tódalas parroquias, como nunca se fixera neste Concello e polo tanto que é unha liña na que van seguir traballando, dedicándolle o máximo esforzo e os presupostos que fagan falta, porque si que gastaron moitísimo diñeiro para iso, para chegar a tódalas partes do Concello con actividades lúdicas e culturais e incluso pensa que é posible reducir máis o presuposto da cabalgata se fai falta sen que merme a súa calidade nin o seu contido e permitindo que disfruten tódolos nenos, podíanse facer xestións para reducir algunhas partidas e nesa liña van traballar sempre para ofrecer unha oferta cultural o máis ampla, o máis diversa e o máis participativa posible.

#### **G) ROGOS.**

**ROGOS DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, DON GUILLERMO MEIJÓN COUSELO, RELATIVOS Ó GRUPO DE EMPRESAS ALVAREZ E A ELABORACIÓN DUN PLAN DE RUÍDOS.**

Manifesta que vai facer dous rogos rápidos polo apretado da hora, en primeiro lugar quería poñer en coñecemento, fundamentalmente do equipo de goberno, un documento que a data de onte non se coñecía no Concello pero que se presentou, xa o estiveron buscando e saben que está no despacho do Xurídico do Concello, e é unha quita que presenta o Grupo de empresas Álvarez, como ten presentado noutros concellos, e que necesita unha axilidade na súa tramitación posto que antes do día 16 se vai face-lo levantamento da suspensión de pagos da empresa e os traballadores están fundamente preocupados porque isto non se teña xa tramitado porque están a esperar esa suspensión para poder levar a fronte os pagos, por exemplo, das pólizas dos prexubilados que ascende esa débeda simplemente a 300 millóns de pesetas, entón quería rogarlle ós compañeiros do equipo de

gobierno que tiveran a ben rescatar este documento, informarse ben de como está a situación e axilizalo o máis posible para dar cumprida conta ós traballadores do Grupo de empresas Alvarez, xente a apoiar como fixeron outros concellos da provincia e mesmo de afora como o concello de Madrid.

En canto ó segundo rogo, non sabía que ía a haber esa manifestación previa ó Pleno e trae documentación sobre un plan posible de erradicación de ruidos e, dado o avanzado da hora, quería dicir ó Concelleiro responsable, señor Mosquera, que se tivera a ben se levar a Comisión de Urbanismo, á maior brevidade posible, un estudio sobre a problemática dos ruidos, fundamentalmente no casco vello, no sentido de que se ben hai elementos que todavía están a impedir unha actuación total, como pode se-lo Peprica e que a ordenanza de ruidos veña xa a ter cumprida conta, se poida estudar un plan de erradicación de ruidos, un plan de choque, no sentido que un pouco avalaba o Valedor do Pobo, en canto á revisión de licencias conflictivas, adecuación e aclaración de horarios, identificación e declaración de zonas saturadas e identificación e declaración de zonas de especial sensibilidade.

Contéstalle don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, dicindo que desde o primeiro día está a estudar tódalas fórmulas legais e, á parte das actuacións que están a facer e o que non puideron que foi crea-la inspección e se por parte da Asociación que se concentra tódolos sábados ou por parte do señor Meijón descubren algunha fórmula bríndalle mañá mesmo a maquinaria municipal para executala, porque cortar usos que saiba é ilegal, pero o grupo de goberno está desde o primeiro día buscando fórmulas, pero se hai alguén que o descubre, encantado.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo señor Alcalde remátase a sesión ás catorce horas e quince minutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e prace.  
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO XERAL,

Fdo. Miguel Anxo Fernández Lores. Fdo. Julio Dapena Outomuro.